JUEVES, 29 DE SEPTIEMBRE DE 2016 Nº 225

BOP
DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

*Anuncio*

**ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NAS BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

No B.O.P. de Lugo número 222 de data 26 de setembro de 2016 publicáronse á convocatoria e as bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Detectado erro material nas mencionadas bases, e co obxecto de proceder á rectificación dos erros detectados, a Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, adoptou, con data 27 de setembro de 2016 a seguinte resolución:

I.- Ordenar a rectificación dos erros materiais detectados nas bases número 1, 2, 3, 7 e 10 que rexerán o proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nos seguintes termos:

1. **Na base 1 *"Obxecto da convocatoria"*:**

**Onde di**

*"(...) en virtude do artigo 13 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril (...)"*

**Debe dicir**

*"(...) en virtude do artigo 13 do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (...)"*

2. **Na base 2 "*Requisitos dos aspirantes*":**

**Onde di**

*"Segundo determina a Disposición adicional vixésima, punto 5 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, participar nesta convocatoria aqueles/as interesados que teñan a condición de funcionario de carreira ou laboral fixo da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial de Lugo, e reúnan os requisitos que se relacionan no apartado 2.2 seguinte (...)"*

**Debe dicir**

*"Segundo determina a Disposición adicional vixésima, punto 5 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, poderán participar nesta convocatoria aqueles/as interesados que teñan a condición de funcionario de carreira ou laboral fixo da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial de Lugo, e reúnan os requisitos que se relacionan no apartado 2.2 seguinte (...)"*

3. **Na base 3 *"Presentación de solicitudes, lugar e prazo"*:**

**Onde di**

*"(...) No Rexistro xeral do Consorcio Provincial de Lugo e no Rexistro xeral da Deputación facilitaráselles ós interesados o modelo de solicitude, que tamén se pode descargar na páxina web do Consorcio, na seguinte dirección www.salvamentolugo.org e na páxina web da Deputación, na seguinte dirección www.deputacionlugo.org (modelo 921.001) (modelo 921.001)*

*No caso de equivalencia ou homologación de titulacións esta deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas"*

**Debe dicir**

"(...) *No Rexistro xeral do Consorcio Provincial de Lugo e no Rexistro xeral da Deputación facilitaráselles ós interesados o modelo de solicitude, que tamén se pode descargar na páxina web do Consorcio, na seguinte dirección www.salvamentolugo.org e na páxina web da Deputación, na seguinte dirección www.deputacionlugo.org (modelo 921.001) (modelo 921.001)*"

4. **Na base 7 *"Sistema de selección":***

**Onde di**

*"Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para participar na convocatoria, a selección será efectuada polo sistema de concurso-oposición, e constará de tres fases.*

*A primeira fase, consistirá na valoración dos méritos alegados e do proxecto directivo presentado, ata un máximo de 70 puntos.*

*A segunda fase, consistirá nunha entrevista persoal, que se valorará ata un máximo de 28 puntos.*

*A terceira fase, obrigatoria e non eliminatoria, consistirá nunha proba de galego, que se valorará de 0 a 2 puntos.*

*A valoración das distintas fases do procedemento de selección, cuxa puntuación global non excederá de 100 puntos, realizarase polo tribunal cualificador consonte os criterios que se indican a continuación:*

*1ª Fase: baremación da formación e experiencia alegados e avaliación do proxecto directivo acorde co perfil do posto de traballo a desenvolver:*

*A puntuación máxima da primeira fase será de 70 puntos, consonte a seguinte distribución:*

*1. Formación: máximo de 20 puntos*

*a) Cursos, másters e posgraos*

*Valoraranse os cursos, másters ou posgraos, directamente relacionados co posto de traballo a desenvolver, impartidos por centros de titularidade pública ou privada debidamene homologados, a razón de 0,02 puntos por hora, consonte aos seguintes máximos:*

- *Máster de 600 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas función do posto de traballo, ata un máximo de 20,00 puntos.*
- *Cursos ou posgraos de 150 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas función do posto de traballo, ata un máximo de 15,00 puntos.*
- *Cursos de 30 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 5,00 puntos*
- *Cursos de 30 horas ou máis, relacionados indirectamente coas función do posto de traballo ou de carácter instrumental ou transversal (informática, linguaxe inclusiva, réxime local, procedemento administrativo, etc.) ata un máximo de 5,00 puntos.*

*Non se valorarán cursos de duración inferior a 30 horas, nin xornadas, simposios, encontros, seminarios ou similares, estean ou non relacionados directa ou indirectamente co posto.*

*Por outra titulación universitaria superior distinta da aportada como requisito para acceder ao posto de traballo, nas seguintes carreiras: licenciado ou graduado en Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Dirección e Administración de Empresas, Ciencias Económicas ou Ciencias Empresarias, enxeñerías ou equivalentes, ata 5 puntos.*

*b) Nivel de galego: máximo 1 punto*

- *Por ostentar o título de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 1,5 puntos.*
- *Por ostentar o título de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 2,00 puntos.*

*Só se valorará o nivel máis alto, de forma que non se valorarán de forma acumulativa.*

*2. Experiencia: máximo de 30 puntos*

*Por experiencia no eido da xestión económica, contratación de bens e servizos, e recursos humanos, 2 puntos por ano ou fraccións superior a seis traballado ata un máximo de 20 puntos.*

*Por experiencia de intervención en emerxencias (actuacións, xestión, equipos, etc.), 3,00 puntos por ano de traballo ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de 25 puntos.*

*Por experiencia como xerente en consorcios de bombeiros, ou como xerente en entidades xurídico-públicas relacionadas coas emerxencias e salvamento, 4,00 puntos por ano traballado ou fracción, ata un máximo de 30 puntos.*

*3. Proxecto directivo: máximo de 20 puntos*

*Valorase a adecuación ao perfil e funcións do posto de traballo a desenvolver, a claridade e rigor no desenvolvemento dos contidos mínimos indicados na Base 3.3.d e nas aportacións do aspirante, a capacidade de síntese, e o respecto do formato e da extensión máxima prevista.*

*Para acceder á 2ª fase do procedemento selectivo, o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 35 puntos na primeira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.*

*A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo de dous días (2) hábiles, seguinte ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

*A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da 2ª fase (proba teórica) publicarase na páxina da Deputación Provincial e do Consorcio.*

*2ª Fase: Proba teórica.*

*De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba tipo test de 50 preguntas, con resposta única e con penalización de unha resposta por cada tres contestadas erroneamente, sobre as materias que figuran como Anexo I das presentes bases.*

*A calificación máxima será de 20 puntos (é dicir 0,40 puntos por pregunta correctamente respostada), debendo de alcanzar un mínimo de 10 puntos para poder continuar o proceso selectivo. O tempo para a realización do exercicio será de 60 minutos.*

*A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo dous (2) días hábiles, seguintes ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

*3ª Fase: Entrevista persoal*

*A puntuación máxima correspondente a esta fase é de 28 puntos.*

*Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.*

*A entrevista versará sobre o proxecto directivo e aspectos relacionados directamente coas funcións do xerente. O Tribunal cualificador realizará aos aspirantes as preguntas que teña por conveniente para avaliar a súa idoneidade para o posto de traballo.*

*Para acceder á 4ª fase do procedemento selectivo (proba de galego), o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 14 puntos na terceira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado/a NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.*

*A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do*

*Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo dous (2) días hábiles, seguintes ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

*A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da 3ª fase (proba de galego) publicarase na páxina da Deputación Provincial e do Consorcio.*

*4ª Fase: Proba de Galego*

*De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.*

*O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos. Quedan exentos desta proba os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4.”*

**Debe dicir**

*“Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para participar na convocatoria, a selección será efectuada polo sistema de concurso-oposición, e constará de catro fases.*

*A primeira fase, consistirá na valoración dos méritos alegados e do proxecto directivo presentado, ata un máximo de 50 puntos.*

*A segunda fase, será unha proba teórica, tipo test, cun total de 50 preguntas, que se valorará cun máximo de 20 puntos*

*A terceira fase, consistirá nunha entrevista persoal, que se valorará ata un máximo de 28 puntos.*

*A cuarta fase, obrigatoria e non eliminatoria, consistirá nunha proba de galego, que se valorará ata un máximo de 2 puntos.*

*A valoración das distintas fases do procedemento de selección, cuxa puntuación global non excederá de 100 puntos, realizarase polo tribunal cualificador consonte os criterios que se indican a continuación:*

*1ª Fase: baremación da formación e experiencia alegados e avaliación do proxecto directivo acorde co perfil do posto de traballo a desenvolver:*

*A puntuación máxima da primeira fase será de 50 puntos, consonte a seguinte distribución:*

*1. Formación: máximo de 20 puntos*

*a) Cursos, másteres e posgraos : máximo 18 puntos*

*Valoranse os cursos, másteres ou posgraos, directamente relacionados co posto de traballo a desenvolver, impartidos por centros de titularidade pública ou privada debidamene homologados, a razón de 0,02 puntos por hora, consonte aos seguintes máximos:*

- *Master de 600 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas función do posto de traballo, ata un máximo de 18,00 puntos.*
- *Cursos ou posgraos de 150 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas función do posto de traballo, ata un máximo de 14,00 puntos.*
- *Cursos de 30 horas ou máis, en materias directamente relacionadas coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 5,00 puntos*
- *Cursos de 30 horas ou máis, relacionados indirectamente coas función do posto de traballo ou de carácter instrumental ou transversal (informática, linguaxe inclusiva, réxime local, procedemento administrativo, etc.) ata un máximo de 5,00 puntos.*

*Non se valorarán cursos de duración inferior a 30 horas, nin xornadas, simposios, encontros, seminarios ou similares, estean ou non relacionados directa ou indirectamente co posto.*

*Por outra titulación universitaria superior distinta da aportada como requisito para acceder ao posto de traballo, nas seguintes carreiras: licenciado ou graduado en Dereito, Ciencias Políticas e da Administración, Dirección e Administración de Empresas, Ciencias Económicas ou Ciencias Empresarias, enxeñerias ou equivalentes, ata 5 puntos.5 Nº 217*

*b) Nivel de galego: máximo 2 puntos*

- *Por ostentar o título de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 1,5 puntos.*
- *Por ostentar o título de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 2,00 puntos.*

*Só se valorará o nivel máis alto, de forma que non se valorarán de forma acumulativa.*

*2. Experiencia: máximo de 20 puntos*

*Por experiencia no eido da xestión económica, contratación de bens e servizos, e recursos humanos, 2 puntos por ano ou fraccións superior a seis traballado ata un máximo de 20 puntos.*

*Por experiencia de intervención en emerxencias (actuacións, xestión, equipos, etc.), 3,00 puntos por ano de traballo ou fracción superior a seis meses, ata un máximo de 25 puntos.*

*Por experiencia como xerente en consorcios de bombeiros, ou como xerente en entidades xurídico-públicas relacionadas coas emerxencias e salvamento, 4,00 puntos por ano traballado ou fracción, ata un máximo de 30 puntos.*

*3. Proxecto directivo: máximo de 10 puntos*

*Valorase a adecuación ao perfil e funcións do posto de traballo a desenvolver, a claridade e rigor no desenvolvemento dos contidos mínimos indicados na Base 3.3.e e nas aportacións do aspirante, a capacidade de síntese, e o respecto do formato e da extensión máxima prevista.*

*Para acceder á 2ª fase do procedemento selectivo, o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntuación total de 25 puntos na primeira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.*

*A relación coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo de dous días (2) hábiles, seguinte ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

*A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da 2ª fase (proba teórica) publicarase na páxina da Deputación Provincial e do Consorcio.5 Nº 217*

*2ª Fase: Proba teórica.*

*De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba tipo test de 50 preguntas, con resposta única e con penalización de unha resposta por cada tres contestadas erróneamente, sobre as materias que figuran como Anexo I das presentes bases.*

*A calificación máxima será de 20 puntos (é decir 0,40 puntos por pregunta correctamente respostada), debendo de alcalzar un mínimo de 10 puntos para poder continuar o proceso selectivo. O tempo para a realización do exercicio será de 60 minutos.*

*A relación coas puntacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo dous (2) días hábiles, seguintes ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

*3ª Fase: Entrevista persoal*

*A puntuación máxima correspondente a esta fase é de 28 puntos.*

*Os/as candidatos/as deberán presentarse á proba provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.*

*A entrevista versará sobre o proxecto directivo e aspectos relacionados directamente coas funcións do xerente. O Tribunal cualificador realizará aos aspirantes as preguntas que teña por conveniente para avaliar a súa idoneidade para o posto de traballo.*

*Para acceder á 4ª fase do procedemento selectivo (proba de galego), o/a candidato/a deberá obter cando menos unha puntación total de 15 puntos nesta terceira fase. Calquera candidato/a cunha puntuación inferior á sinalada, será declarado/a NON APTO e excluído/a do procedemento de selección.*

*A relación coas puntacións obtidas polos/as aspirantes publicarase na páxina web do*

*Consorcio e da Deputación Provincial, e disporán dun prazo dous (2) días hábiles, seguintes ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.*

*A data para dar a coñecer a resolución de reclamacións e a realización da 3ª fase (proba de galego) publicarase na páxina da Deputación Provincial e do Consorcio.*

*4ª Fase: Proba de Galego*

*Puntuación máxima desta fase: 2 puntos*

*De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ó idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.*

*O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos. Quedan exentos desta proba os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 dentro do prazo de presentación de solicitudes. Os aspirantes que acrediten este extremo no prazo sinalado, obterán una cualificación de dous (2) puntos nesta proba"*

**5. Na base 10 "*Achega de documentos*":**

**<u>Onde di</u>**

*"1. O aspirante proposto achegará, dentro do prazo de 3 días hábiles, contados desde a publicación da puntuación, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:*

*a) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso*

*b) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento*

*c) Declaración xurada de estar separado do servizo das administracións públicas nin estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente*

*d) Número da Seguridade Social*

*e) Certificado do número de conta bancaria (...)"*

**<u>Debe dicir</u>**

*"1. O aspirante proposto achegará, dentro do prazo de 3 días hábiles, contados desde a publicación da puntación, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:*

*a) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso*

*b) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento*

*c) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas nin estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente*

*d) Número da Seguridade Social*

*e) Certificado do número de conta bancaria*

*f) Certificado, no seu caso, que acredite ter condición de funcionario de carreira ou laboral fixo da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial de Lugo (...)"*

II.- Ordenar a publicación da rectificación de erros materiais sinalada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (B.O.P.) e na páxina web do Consorcio Provincial e da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Esta rectificación non supón modificación do prazo orixinal de presentación de solicitudes, fixado en dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (B.O.P.). O anuncio da convocatoria e das bases publicouse no B.O.P. de Lugo número 222 de data 26 de setembro de 2016.

En Lugo, a 27 de setembro do 2015. O SECRETARIO INTERVENTOR. José Antonio Mourelle Cillero

R. 2918

# CONCELLOS

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2016, aprobou provisionalmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal da Taxa pola inmobilización, retirada e depósito de vehículos abandonados ou estacionados defectuosamente ou abusivamente na vía pública

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda elevado a definitivo o acordo de modificación, e procédese a súa publicación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS ABANDONADOS OU ESTACIONADOS DEFECTUOSA OU ABUSIVAMENTE NA VÍAPUBLICA

1) Modificación do artigo 1 “Natureza, obxecto e fundamento” quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola inmobilización, retirada, depósito e custodia de vehículos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2) Modificación do artigo 2 “Feito Impoñible” quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos seguintes servizos:

a) A recollida, traslado e depósito de vehículos da vía pública, de conformidade co disposto no artigo 105 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, e normas regulamentarias municipais. Se o obrigado a isto non o fixese, evitando as molestias que produce o seu aparcamento, procederase á súa retirada e depósito no lugar que designe a autoridade competente, nos seguintes casos:

- Sempre que constitúa perigo ou cause graves pertubacións á circulación ou ó funcionamento dalgún servizo público e tamén cando poida presumirse racionalmente o seu abandono na vía.

- No caso de accidente que impida continuar a marcha.

- Cando fora inmobilizado por deficiencias daquel.

- Cando inmobilizado un vehículo, o infractor persistise na súa negativa a depositar ou garantir o pagamento do importe da multa.

Os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o presente punto serán por conta do titular, que deberá aboalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que o asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dese lugar á retirada, agás no caso de substracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular.

b) A inmobilización por procedementos mecánicos de vehículos na vía pública, de conformidade co artigo 104 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o cal establece que os axentes da autoridade

encargados da vixilancia do tráfico poderán proceder á inmobilización do vehículo cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos desta lei, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens; medida que será levantada inmediatamente despois de que desaparezan as causas que a motivaron; poderá tamén inmobilizarse o vehículo nos casos de negativa a efectuar as probas a que se refire o número 2 do artigo 12; Regulamento xeral de circulación aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, e normas regulamentarias municipais.

c) A captura, traslado e depósito de vehículos, dende o lugar onde se atopen, que estean embargados pola Recadación Executiva.

3) Modificación do artigo 3 "Suxeitos pasivos e responsables" quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes os conductores do vehículo obxecto do servizo. O titular do respectivo vehículo será, en todo caso, responsable subsidiario do pagamento da taxa, salvo no caso de utilización ilexítima por parte do conductor.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios tamén os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei a que se refire o parágrafo anterior.

4. Nos casos de prestación do servizo a requirimento da Recadación Executiva, serán suxeitos pasivos os que sexan obxecto do expediente administrativo de constrinximento correspondente.

5. No caso de que o servizo se preste para a realización de obras na vía pública para as que se conta coa debida autorización administrativa será suxeito pasivo obrigado ó pago a empresa ou organismo que solicite a retirada, salvo naqueles casos nos que a prohibición de estacionamento fose debidamente sinalizada con anterioridade e o vehículo fose estacionado posteriormente, nos que se considerará suxeito pasivo obrigado ó pago o titular do vehículo.

4) Modificación do artigo 5 "Beneficios Fiscais" quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5º. -Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pagamento da taxa, salvo no suposto de que os titulares de vehículos abandonados na vía pública acrediten suficientemente a utilización ilexítima daqueles.

5) Modificación do artigo 6 "Cota" quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 6º. COTA

As taxas esixibles en cada caso serán as seguintes:

Epígrafe 1: Enganche e retirada a depósito de vehículos:

| | |
|---|---|
| A.- Ciclos e ciclomotores, motocicletas, turismos, furgonetas, vehículos mixtos adaptables e similares en horario de 08:00 a 20:00 | 55,45 € |
| B.- Ciclos e ciclomotores, motocicletas, turismos, furgonetas, vehículos mixtos adaptables e similares en horario de 20:00 a 08:00 | 71,12 € |

Epígrafe 2: Enganche de vehículos:

| | |
|---|---|
| C.- No caso de que, iniciadas as operacións da grúa, se presentase o condutor do automóbil e retirase este, a tarifa reducirase ata o 70% dos importes do epígrafe 1, que aboará no acto. | |
| C.1 Ciclos e ciclomotores, motocicletas, turismos, furgonetas, vehículos mixtos adaptables e similares en horario de 08:00 a 20:00 | 38,82 € |
| C.2.- Ciclos e ciclomotores, motocicletas, turismos, furgonetas, vehículos mixtos adaptables e similares en horario de 20:00 a 08:00 | 49,78 € |

Epígrafe 3: Inmobilización de vehículos por procedementos mecánicos

| |
|---|
| D.- No caso de que se produza a inmovilización do vehículo por procedementos mecánicos, a tarifa reducirase ata o 70% dos importes do epígrafe 1, que se aboarán no acto. |

| | |
|---|---|
| D.1.- Ciclos e ciclomotores, motocicletas, turismos, furgonetas, vehículos mixtos adaptables e similares en horario de 08:00 a 20:00 | 38,82 € |
| D Ciclos e ciclomotores, motocicletas, turismos, furgonetas, vehículos mixtos adaptables e similares en horario de 20:00 a 08:00 | 49,78 € |

Epígrafe 4: Estancia en depósito de vehículos:

| | |
|---|---|
| E.- Por día ou fracción a partires da entrada: | 9,50 € |

Estas cotas considéranse sen Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

6) Modificación do artigo 7 "Normas de Xestión" quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTIÓN

Ningún vehículo inmovilizado, retirado ou depositado de conformidade con algún dos casos enumerados nos artigos 104 e 105 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e normas regulamentarias municipais, será devolto ó seu reclamante lexítimo sen que se satisfixese previamente a taxa liquidada de acordo coa presente ordenanza e co Regulamento xeral de circulación aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, sen prexuízo da súa devolución se posteriormente se declarase a improcedencia do cobramento.

Unha vez retirado un vehículo, por abandono ou por calquera infracción tipificada na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria ou no Regulamento xeral de circulación, notificaráselle ó seu titular rexistral para que se faga cargo del, advertíndolle que, de non facelo no prazo concedido, se procedera na forma determinada para o dito suposto.

7) Modificación do artigo 8 "Pagamento" quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 8º. PAGAMENTO

O pagamento da taxa que regula esta ordenanza será compatible co pagamento das sancións ou multas que procedesen por infracción simultánea de normas de circulación ou de policía urbana.

8) Modificación do artigo 9 "Infraccións e sancións" quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a infraccións tributarias nas súas distintas cualificacións, así como ás sancións que correspondan en cada caso, non previstas nesta ordenanza, haberá que aterse ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

As anteriores modificacións da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo servizo de inmobilización, retirada e depósito de vehículos abandonados ou estacionados defectuosa ou abusivamente na vía pública entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Contra este acordo, de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo servizo de inmobilización, retirada e depósito de vehículos abandonados ou estacionados defectuosa ou abusivamente na vía pública poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 19 de setembro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 2856

---

*Anuncio*

**LICITACIÓN**

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 19.9.2016, por medio do presente anuncio se efectúa convocatoria do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de servizo, por lotes separados, consistente no contrato privado de seguros do Concello de Monforte de Lemos.

1. **ENTIDADE ADXUDICADORA**

a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.

b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.

c. Número de expediente: 036-PRIVPA16

2. **OBXECTO DO CONTRATO**

a. Descrición do obxecto: contrato de privado de seguros do Concello de Monforte de Lemos.

b. División por lotes: Si.

c. Número de lotes: 3.

- Lote 1: Danos materiais.
- Lote 2: Responsabilidade Civil do Concello de Monforte de Lemos.
- Lote 3: Responsabilidade Civil de Autoridades y Persoal ao servizo do Concello de Monforte de Lemos.

d. Duración: 3 anos.

e. Admisibilidade de prórrogas: Se prevé unha posible prórroga dun (1) ano de duración

f. CPV: 66510000

3. **TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

a. Tramitación: Ordinaria.

b. Procedemento: Aberto.

c. Forma: Varios criterios de adxudicación, por lotes separados.

4. **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

a. Orzamento base de licitación:

- Lote 1: 6.313,70 euros/anuales.
- Lote 2: 9.987,61 euros/anuales.
- Lote 3: 6.500,00.-€/anuales.

b. Importe total: 22.801,31 euros/anuales.

c. As operacións de seguro están exentas do IVE, segundo o establecido no artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

5. **GARANTÍA DEFINITIVA**

a. Provisional: non se esixe.

b. Definitiva: Por cada lote do 5% do prezo anual de adxudicación multiplicado polo número de anos de duración do contrato (IVE excluído)

6. **OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**

a. Perfil do contratante: www.concellodemonforte.com

b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.

c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).

d. Teléfono: 982.402.501 (Exts.-260/262).

7. **PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**

a. Data límite de presentación: 15 DÍAS NATURAIS a contar dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.

b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 11ª do prego de cláusulas administrativas particulares .

c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO),enhorario de 9.00 a 14.00 horas. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, **dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación**, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de

terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

8. **APERTURA DE OFERTAS**

a. Segundo o establecido na cláusula 14ª prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

9. **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

a. Os sinalados na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares para cada un dos lotes do contrato.

10. **GASTOS DE ANUNCIOS**

a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 600,00.-€, distribuído en proporción ó orzamento base de licitación de cada lote.

Monforte de Lemos, 19 de setembro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2857

---

*Anuncio*

**Aprobación definitiva da Ordenanza municipal de tráfico do Concello de Monforte de Lemos**

Aprobada definitivamente a **ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS,** por aplicación do art.49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, a non se ter presentado, no prazo de información pública, ningunha reclamación ou suxestión respecto á aprobación inicial polo Pleno municipal en sesión do 26 de xullo de 2016, procédese á súa publicación no B.O.P., segundo o disposto no art.70.2 da Lei citada.

O texto íntegro da Ordenanza é o seguinte:

**ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A lexislación de carácter estatal en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria, integrada principalmente polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e os regulamentos que o desenvolven, aínda que moi ampla no seu contido, ten un carácter xeneralista, como propiamente lle corresponde, e non recolle a regulación pormenorizada e específica que os municipios en xeral, e especialmente aqueles que polo seu tamaño e poboación dispoñan dunha rede viaria urbana de certa dimensión -entre os que indubidablemente se atopa Monforte de Lemos- necesitan para o exercicio das competencias que a lei lles atribúe na devandita materia.

Consciente deste feito, o lexislador previu, e así o plasmou no art. 7. b) do citado Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, que sexan os concellos mediante ordenanza os que emitan a normativa específica e propia que requira o exercicio das súas competencias e en concreto a de regulación dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre tódolos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade e que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social.

É por iso, que o Concello de Monforte de Lemos, en exercicio da autonomía para a xestión dos intereses que lle son propios outorgada pola Constitución Española no seu artigo 137; da súa potestade regulamentaria recoñecida polo artigo 4.1 apartado a) da Lei 7/1985 de 2 de Abril reguladora das Bases de Réxime Local; da competencia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas e do transporte público de viaxeiros outorgada polo artigo 25 da mesma norma e do establecido polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria creou a presente ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO que se estrutura nun Título Preliminar, Once Títulos, Tres Disposicións Adicionais, Unha Disposición Transitoria, dúas Disposicións Finais, Unha Disposición Derrogatoria e Catro Anexos, que recollen o seguinte contido:

TÍTULO PRELIMINAR. OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS DO TRÁNSITO NA CIRCULACIÓN URBANA E SEGURIDADE VIARIA.

TÍTULO II.- DA SINALIZACIÓN VIARIA.

CAPÍTULO I.- Normas xerais e competencia.

CAPÍTULO II.- Autorizacións de sinalización.

CAPÍTULO III.- Sinalización de obras e obstáculos na vía pública.

TITULO III- DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS.

CAPITULO I.- Circulación de vehículos a motor, ciclomotores e outros vehículos.

CAPÍTULO II.- Circulación de bicicletas.

CAPITULO III.- Circulación doutros tipos de enxeños mecánicos.

CAPITULO IV.- Circulación de vehículos en réxime de transporte especial.

CAPITULO V.- Circulación de animais e vehículos de tracción animal.

CAPITULO VIN.- Velocidades.

CAPÍTULO VII.- Impacto ambiental.

TÍTULO IV.- DOS PEÓNS E ZONAS PEONÍS.

CAPÍTULO I.- Circulación de peóns.

CAPÍTULO II.- Zonas peonís e de prioridade peonil.

TÍTULO V.- DA CIRCULACIÓN NO CENTRO HISTÓRICO.

TÍTULO VIN.- DA CARGA E DESCARGA.

CAPÍTULO I.- Da carga e descarga de mercancías.

CAPÍTULO II.- Lugares e horarios autorizados para a carga e descarga de mercancías.

CAPÍTULO III.- Outras actividades de carga e descarga.

TITULO VII.- DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS.

CAPÍTULO I.- Normas xerais.

CAPÍTULO II.- Paradas.

CAPÍTULO III.- Estacionamentos.

TÍTULO VIII.- DAS AUTORIZACIÓNS DE ACCESO E RESERVAS PARA VEHÍCULOS.

CAPÍTULO I.- Dos vaos permanentes.

CAPÍTULO II.- Das reservas de estacionamento.

TÍTULO IX.- DO USO E ACTIVIDADES DA VÍA PÚBLICA DISTINTAS DO TRÁFICO.

TITULO X.- DAS MEDIDAS PROVISIONALES.

CAPÍTULO I - Normas xerais.

CAPÍTULO II.- Da inmobilización de vehículos.

CAPÍTULO III.- Da retirada e depósito de vehículos da vía pública.

CAPÍTULO IV.- Da retirada e depósito de vehículos por motivo distinto de infracción.

CAPÍTULO V.- Da retirada de vehículos e obxectos por causa de abandono e o seu tratamento.

TITULO XI.- DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

CAPÍTULO I.- Das infraccións.

CAPÍTULO II.- Das sancións e procedemento sancionador.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Autorizacións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Aplicación de taxas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Procedemento de medición do nivel de ruído dos vehículos e outras emisións contaminantes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Actualizacións das contías das sancións de multa.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

ANEXO I-A. Vías autorizadas a circulación en tránsito de vehículos ou conxuntos de vehículos con M.M.A. superior a 18.000 quilogramos ou que teñan máis de dous eixes, dos autobuses con capacidade superior a 16 pasaxeiros, ademais do condutor, e de vehículos especiais con M.M.A superior a 5.000 quilogramos.

ANEXO I-B. Vías Peonís.

ANEXO I-C. Vías incluídas no centro histórico a efectos de tráfico e circulación.

ANEXO II.- Cadro de Infraccións e Sancións.

**TITULO PRELIMINAR.- DO OBXECTO, COMPETENCIAS E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Artigo 1. - Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto o desenvolvemento das competencias que ten atribuídas o Concello de Monforte de Lemos en materia de tráfico, circulación, estacionamento e seguridade viaria sobre as vías urbanas e calquera espazo aberto á libre circulación de persoas, animais e vehículos comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación.

As disposicións desta ordenanza conforman os dereitos e os deberes dos peóns e ciclistas, dos condutores de vehículos a motor e sen motor, tanto de servizo público como particulares, dos titulares de vehículos e das actividades de transporte, os dos titulares das licenzas de vao e, en xeral de calquera usuario da vía que pretenda a realización de actividades que afecten a esta ou precisen autorización municipal para a súa realización.

2. Constitúe a finalidade principal da presente ordenanza, regular a circulación de vehículos e peóns, compatibilizando a necesaria fluidez do tráfico co uso peonil das rúas e regular así mesmo a realización doutros usos e actividades nas vías urbanas comprendidas dentro do termo municipal e nas interurbanas cuxa competencia fose cedida ao concello para preservar e fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes, e prestar especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade e mobilidade reducida, co fin de favorecer a súa integración social.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Os preceptos desta ordenanza serán aplicables en todo o termo municipal, nas vías urbanas e nas interurbanas cuxa competencia fose cedida ao concello, obrigando aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos aptos para a circulación, aos das vías e terreos que, sen ter tal aptitude sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Artigo 3.- Normas subsidiarias.

Naquelas materias non reguladas expresamente pola ordenanza, aplicarase o Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, as súas posteriores modificacións e os regulamentos de desenvolvemento.

Artigo 4.- Competencias municipais.

O Concello de Monforte de Lemos exercerá as competencias que lle son encomendadas no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, as que lle atribúa a lexislación de Réxime Local e as demais que resulten de aplicación aos municipios.

Artigo 5.- Funcións do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, e os axentes encargados da vixilancia do tráfico.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico é o encargado da concepción, planificación, deseño, formulación e supervisión técnica da circulación e o transporte nas vías incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza, así como da sinalización viaria e da expedición das autorizacións relacionadas coas atribucións anteriores e calquera outras previstas na presente ordenanza, salvo que a súa concesión correspondese a outro órgano superior.

2. Son axentes encargados da vixilancia do tráfico, os integrantes do Corpo da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos e os que en virtude da aplicación do artigo 6, puntos 1 e 3 da Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia puidesen prestar os seus servizos no mesmo. Terán como funcións as establecidas no artigo 10 desta ordenanza así como as atribuídas na letra b do número 1 do artigo 53 da Lei Orgánica 2/86, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e no exercicio desas funcións, terán a consideración de axentes da autoridade.

**TÍTULO I.- NORMAS XERAIS DO TRÁNSITO NA CIRCULACIÓN URBANA E SEGURIDADE VIARIA.**

Artigo 6.- Usuarios.

1. Tódolos os usuarios da vía pública e aquelas persoas que coas súas accións ou omisións poidan afectala, teñen que comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación de persoas e vehículos.

Ademais, deben extremar a precaución e realizar as dilixencias oportunas para non causar prexuízo, ou molestias innecesarias, ou perigo para si mesmos ou para outros usuarios, ou danar os bens.

2. Nas vías e lugares obxecto de aplicación da presente ordenanza queda prohibida a realización de calquera actividade destinada a organizar o estacionamento de vehículos, ordenalo en calquera forma ou dirixir e asistir á xeneralidade dos condutores na realización das manobras correspondentes. Exceptúanse desta prohibición as actuacións dos axentes da autoridade e das persoas legal ou regulamentariamente habilitadas no exercicio das súas funcións así como daquelas que fosen autorizadas ou destinadas a tal finalidade polo Órgano Municipal de Goberno con competencias en materia de tráfico.

3. Tódolos os usuarios da vía pública están obrigados a cumprir os preceptos desta ordenanza, e da normativa vixente en materia de circulación de peóns e vehículos. Ao mesmo tempo están obrigados a colaborar coas autoridades ou os seus axentes, para facilitar a súa tarefa e o cumprimento das súas funcións, ademais de seguir as súas indicacións para evitar perigo, riscos ou obstáculos para a circulación de vehículos ou o tránsito de peóns.

4. Cando a Autoridade encargada do tráfico, por situacións de urxencia, dispositivos especiais de tráfico ou outras circunstancias excepcionais, solicite o auxilio e colaboración doutras Forzas ou Corpos de Seguridade, de Voluntarios de Protección Civil ou doutras organizacións ou institucións, as indicacións destes deberán ser igualmente respectadas polos usuarios das vías públicas a que se refire esta ordenanza.

Artigo 7.- Condutores, ocupantes, titulares e/ou arrendadores de vehículos e outros usuarios.

1. Son obrigacións dos condutores e, no seu caso, dos ocupantes dos vehículos e doutros usuarios:

a) Utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e atención necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non poñer en perigo, tanto a si mesmo como aos demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía.

b) Verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

c) Estar en todo momento en condicións de controlar o seu vehículo. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, debe adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns e persoas con discapacidade ou con problemas de mobilidade.

d) Manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á condución, que garantan a súa propia seguridade, a do resto de ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencias entre o condutor e calquera deles.

e) Utilizar, tanto o condutor como os ocupantes dos vehículos, o cinto de seguridade, cascos e demais elementos de protección e dispositivos de seguridade nas condicións e coas excepcións que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente. Os condutores profesionais, cando presten servizo público a terceiros, non se considerarán responsables do incumprimento desta norma por parte dos ocupantes do vehículo.

f) O condutor dun vehículo está obrigado a someterse ás probas para a detección de alcohol ou da presenza de drogas no organismo nos termos e casos legalmente establecidos, que se practicarán polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico no exercicio das funcións que teñen encomendadas. Igualmente quedan obrigados os demais usuarios da vía cando se atopen implicados nun accidente de tráfico ou cometan unha infracción conforme ao tipificado na presente ordenanza e demais lexislación vixente en materia de tráfico circulación.

**TÍTULO V.- DA CIRCULACIÓN NO CENTRO HISTÓRICO.**

Artigo 52.- Delimitación.

As vías do Concello de Monforte de Lemos consideradas para os efectos da presente ordenanza como centro histórico son as que se relacionan no Anexo I-C da presente ordenanza.

Artigo 53.- Normas específicas de circulación e uso das vías do casco histórico.

1. Velocidade. Con carácter xeral queda limitada a 30 km/h. Mediante sinal poderán establecerse outros límites inferiores.

2. Vehículos. A circulación e estacionamento de vehículos de transporte de mercancías de M.M.A superior a 2.500 quilogramos e de transporte de persoas con capacidade superior a nove prazas queda prohibida, salvo que a orixe ou destino dos mesmos se atope nalgunha das vías incluídas en ámbito de aplicación do presente título.

**TÍTULO VI.- DA CARGA E DESCARGA.**

CAPÍTULO I.- DA CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS.

Artigo 54.- Conceptos xerais.

1. Considérase operación de carga e descarga a acción de trasladar mercancías ou obxectos dende un inmoble ou local comercial a un vehículo estacionado ou viceversa, realizada con carácter profesional e mediante o uso de vehículos legalmente habilitados para o transporte de mercancías.

2. As operacións de carga e descarga incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza realizaranse con suxeición ás disposicións sobre horarios, lugares adecuados, tempos de permanencia nos mesmos, forma de realización e sobre parada e estacionamento contidas na mesma, no Regulamento Xeral de Circulación e demais normativa que resulte de aplicación.

3. O condutor do vehículo empregado para o transporte das mercancías ou obxectos a cargar ou descargar será sempre o responsable directo do cumprimento das obrigacións e normas establecidas nesta ordenanza e na normativa xeral para a execución de tales operacións.

4. Prohíbese a carga e descarga entre vehículos na vía pública.

Artigo 55.- Forma de realización.

1. A carga e descarga realizarase con suxeición ás seguintes condicións:

a) En ningún caso se poderá obstruír ou dificultar durante os labores de carga e descarga a circulación doutros usuarios nin o acceso a vaos autorizados.

b) Salvo o previsto no capítulo seguinte, os labores de carga e descarga realizaranse dentro das zonas reservadas para ese efecto e durante o horario establecido mediante sinalización.

c) Os vehículos situaranse paralelamente á beirarrúa, aproximados ao seu bordo, salvo que a sinalización estableza outra disposición, e coa dianteira en sentido da circulación xeral.

d) As operacións de carga e descarga efectuaranse pola parte correspondente á beirarrúa ou pola parte traseira do vehículo, utilizando os medios necesarios e adecuados para realizalas no prazo de tempo máis curto posible.

e) As mercancías, obxectos e demais materiais cargados ou descargados, non poderán ser depositados na calzada nin na beirarrúa, debendo ser trasladados directamente ao inmoble ou local a onde vaian destinados.

f) As operacións de carga e descarga de mercancías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas así como as que entrañen especialidades na súa manexo rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulan a materia.

g) En caso de existir algún perigo para os peóns ou vehículos durante a realización da carga ou descarga, deberase protexer e sinalizar a zona de acordo coa normativa vixente.

h) Para a realización dos labores de carga e descarga adoptaranse as precaucións necesarias para evitar ruídos e calquera outra molestia para os usuarios da vía pública e dos veciños residentes nos inmobles próximos.

i) Igualmente, prohíbese depositar sobre sobre a vía pública calquera clase de residuo ou embalaxe así como verter líquidos, graxas etc. Os vehículos terán o seu motor parado durante as tarefas de carga e descarga. De producirse calquera depósito de residuos ou vertido sobre a vía pública, o condutor do vehículo e o seu propietario serán responsables da limpeza da mesma e dos danos ocasionados, sen prexuízo da imposición das sancións e das actuacións que procedan de acordo co establecido na Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente do Concello de Monforte de Lemos.

Artigo 56.- Vehículos.

1. Son legalmente habilitados para dita función os definidos no Anexo II do Real Decreto 2822/1998 de 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, baixo as denominacións de Camión, Furgón/Furgoneta, Vehículo Acondicionado, Derivado de Turismo e Vehículo Mixto Adaptable.

2. Non se poderá realizar carga e descarga utilizando vehículos de tracción animal e o emprego de remolques permitirase cando estes se atopen axustados a un vehículo dos comprendidos no punto anterior.

CAPÍTULO II.- LUGARES E HORARIOS AUTORIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS.

Artigo 57.- Normas xerais.

1. Sempre que sexa posible os labores de carga e descarga realizaranse no interior dos locais comerciais ou industriais de procedencia ou destino das mercancías. A concesión de licenzas de apertura de locais desta clase que pola súa superficie, finalidade e situación, poida presumirse racionalmente que realizarán habitualmente ou con especial intensidade operacións de carga e descarga subordinarase a que os seus titulares reserven espazo suficiente no interior para realizar esas operacións.

2. Cando os devanditos locais non dispoñan do acceso ou condicións adecuadas realizaranse dende a vía pública, dentro dos horarios establecidos, e utilizando para iso as zonas da vía reservadas a carga e descarga sinalizadas como tales.

3. Cando non exista unha zona reservada a carga e descarga a unha distancia inferior a 150 metros do punto de destino ou recollida das mercancías, as operacións correspondentes realizaranse na vía pública en zona onde estea permitido o estacionamento e con respecto ás normas xerais e horarios establecidos no presente título.

Artigo 58.- Zonas reservadas para carga e descarga.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico será o responsable de establecer e delimitar mediante a correspondente sinalización vertical e horizontal as zonas da vía que se reservan para o uso exclusivo das operacións de carga e descarga.

2. A súa situación e tamaño decidiranse atendendo a criterios de densidade comercial e dispoñibilidade de estacionamento, non podendo establecerse en ningún caso con carácter exclusivo ou privativo dun establecemento.

3. As zonas de carga e descarga debidamente sinalizadas non poderán utilizarse para uso distinto durante o horario marcado.

4. Poderán facer uso da zona de carga e descarga os vehículos destinados ao transporte de mercancías comprendidos no Art. 56 con M.M.A. ata a 10.000 quilogramos. Os que pasen dese límite unicamente poderán realizar ditas funcións cando sexan autorizados para o efecto polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

Artigo 59.- Horarios de carga e descarga.

1. Con carácter xeral, os horarios de carga e descarga nas vías obxecto da presente ordenanza serán de 08:00 a 11:00 horas de luns a sábado e de 16:00 a 18:00 horas de luns a venres, excluídos os días festivos oficiais.

Prohíbese a realización das operacións de carga e descarga na vía pública fóra do horario establecido.

2. Naquelas zonas ou lugares en que os horarios de carácter xeral, por causa da problemática da vía, da demanda comercial ou doutras circunstancias xustificadas, se comprobe que non resultan adecuados, ou a súa aplicación é contraria á finalidade que se pretende, poderanse establecerse outros distintos.

3. En todas as zonas reservadas a carga e descarga existirá un panel complementario ao correspondente sinal vertical onde consten os horarios que rexerán na mesma.

4. Fóra do horario de carga e descarga, con carácter xeral, permítese o estacionamento libre de calquera usuario.

Artigo 60.- Limitacións.

1. Non poderán permanecer estacionados nas zonas para carga e descarga vehículos que non se atopen realizando dita actividade, aínda tratándose de vehículos legalmente habilitados de acordo co establecido no artigo 56.1, nin os que as realicen por tempo superior a 30 minutos dentro do horario establecido, salvo que estean debidamente autorizados.

2. As limitacións e prohibicións de carga e descarga establecidas na presente ordenanza poderán ser obxecto de excepción naqueles supostos nos que, a xuízo do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, concorran circunstancias de natureza especial que aconsellen facer uso de tal excepcionalidade.

CAPÍTULO III.- OUTRAS ACTIVIDADES DE CARGA E DESCARGA.

Artigo 61.- Normativa específica

As actividades de carga e descarga comprendidas no presente capítulo rexeranse pola normativa específica contida no mesmo e non están suxeitas aos horarios e limitacións contidas no Capítulo II do presente título.

Artigo 62.- Carga e descarga en obras.

1. Os promotores ou construtores responsables da edificación, rehabilitación, reforma ou mantemento de edificacións realizarán as operacións de carga e descarga que precisen dentro da propia obra sempre que iso sexa posible.

2. Cando non exista espazo dispoñible no interior, ou non fose utilizable, previa acreditación de tales circunstancias mediante o oportuno informe técnico, poderán facelo dende a vía pública da seguinte forma:

a) Cando as condicións desta o permitan , mediante a concesión dunha reserva de estacionamento para carga e descarga por obra, que devindicará as taxas que correspondan por ocupación da vía de acordo coa normativa fiscal que resulte de aplicación.

b) Cando as condicións da vía non permitan a reserva do punto anterior, mediante autorización expresa con establecemento das condicións particulares que regulen a súa execución.

Tanto a reserva de estacionamento para carga e descarga de obra como, se é o caso, a autorización expresa, serán outorgadas polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, quen á vista da documentación achegada polo solicitante na que constará a situación, dimensións e tempo de uso da reserva ou autorización que solicita e tras informe da Policía Local resolverá sobre a concesión da mesma e dos condicionamentos que lle esixe.

3. A reserva de estacionamento para carga e descarga deberá atopase debidamente sinalizada polo interesado e ao seu cargo, debendo constar en dita sinalización os horarios de utilización da mesma, que estarán comprendidos entre as 08:00 e as 22:00 horas.

Artigo 63.- Carga e descarga de combustibles líquidos e gases licuados.

1. A descarga de combustible que se efectúe como aprovisionamento das estacións de servizo situadas nas vías obxecto da presente ordenanza, aínda que se realice dende a vía pública, non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga, sempre que se realicen entre as 08:00 e as 22:00 horas. Regularase polas normas específicas que resulten de aplicación en función do tipo de produto transportado e para os efectos de tráfico e circulación de vehículos

respectarán as normas xerais de circulación, evitando entorpecer a utilización normal e en condicións de seguridade da vía polos demais usuarios.

2. A descarga de combustibles con destino a establecementos ou inmobles que deba realizarse dende a vía pública, para os efectos exclusivamente de tráfico e sen prexuízo da observancia das normas específicas que resulten de aplicación polo tipo de produto transportado, realizarase tendo en conta as seguintes regras:

a) As subministracións que deban efectuar en zonas peonís terán que ser realizadas de 08:00 a 10:00 horas. Fóra deste período de tempo precisarán de autorización expresa con indicación de horario en que se autorizan ditos labores.

b) Nas vías onde a descarga se poida realizar dende zona de estacionamento autorizado, poderase facer en horario comprendido entre as 08:00 e as 22:00 horas.

c) Cando a descarga se realice en vías que sexa preciso cortar o tráfico ou o vehículo teña que situarse fóra de zona de estacionamento autorizado ou en forma que afecte notablemente ao resto da circulación, precisarán de autorización previa por parte da autoridade municipal con determinación do horario máis adecuado para a súa execución.

3. A descarga de gases licuados dende cisternas realizarase nos mesmos termos que os combustibles líquidos.

4.- O reparto domiciliario de bombonas ou recipientes de gas licuado realizarase dende os lugares da vía que resulten máis adecuados, respectando en todo caso as normas de circulación, parada e estacionamento que resulten esixibles.

Artigo 64.- Carga e descarga de vehículos en concesionarios ou puntos de venda.

A carga e descarga de vehículos a concesionarios ou puntos de venda situados nas vías obxecto da presente ordenanza, aínda que se realice dende a vía pública, non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga sempre que se realice entre as 08:00 e as 22:00 horas. Para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación e as limitacións ou prohibicións que poidan afectar á vía pola que pretendan circular, parar ou estacionar, non podendo entorpecer a súa utilización normal polos demais usuarios.

Artigo 65.- Aprovisionamento de superficies comerciais e almacéns.

1. A carga e descarga de vehículos que teña por finalidade o aprovisionamento de áreas comerciais, almacéns, empresas ou grandes superficies, as cales sexan destinatarias ou orixe da totalidade ou dunha fracción importante da carga, permitirase na vía pública unicamente cando non exista outro espazo dispoñible. Non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga, sempre que se efectúe entre as 08:00 e as 22:00 horas, salvo autorización expresa. Para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación e as limitacións ou prohibicións que poidan afectar á vía pola que pretendan circular, parar ou estacionar, non podendo entorpecer a súa utilización normal polos demais usuarios.

**TITULO VII.- DAS PARADAS E ESTACIONAMENTOS**

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 66.- Normas xerais de parada e estacionamento.

1. Nas vías urbanas e en travesías urbanizadas a parada e estacionamento de calquera vehículo deberá efectuarse situando este o máis cerca posible do bordo dereito da calzada sen invadir a beirarrúa nin calquera zona reservada a determinados usuarios delimitada e sinalizada, salvo en vías de sentido único en que poderá efectuarse tamén no lado esquerdo, sempre que a anchura da vía permita o tránsito dos demais vehículos e usuarios pola mesma e non exista sinalización de calquera tipo que o prohiba.

2. Nas vías urbanas e travesías non urbanizadas que manteñan características de vías interurbanas a parada e o estacionamento realizaranse fóra da calzada e deixando libre a parte transitable da beiravía.

3. Tanto a parada como o estacionamento deberán efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo e evitar que poida poñerse en movemento en ausencia do seu condutor.

4. Sempre que sexa posible o descenso de persoas realizarase polo lado correspondente á beirarrúa co obxecto de garantir a súa seguridade.

O condutor e os pasaxeiros que teñan que apearse polo lado da calzada permanecerán nesta o menor tempo posible e comprobarán previamente que non existen vehículos circulando nas inmediacións que poidan supoñer un perigo pola súa proximidade ou velocidade previamente ao descenso ou á apertura de portas.

Artigo 67.- Distancias.

1. A parada ou estacionamento realizarase deixando unha separación suficiente cos demais vehículos xa estacionados de forma que estes poidan realizar a manobra de incorporación á circulación con seguridade.

2. A parada e o estacionamento dun vehículo realizaranse de forma que permita a mellor utilización do restante espazo dispoñible, quedando prohibido ocupar dúas ou máis prazas de estacionamento ao mesmo tempo. Prohíbese ocupar maior espazo do necesario e deixar máis de 20 cm entre o bordo da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo.

3. En vías urbanas permítese a parada ou o estacionamento dos guindastres de auxilio en estrada polo tempo indispensable para efectuar a retirada dos vehículos avariados ou accidentados, sempre que non se cre un novo perigo, nin se cause obstáculo á circulación e se respecten as indicacións dos axentes encargados da vixilancia do tráfico respecto do lugar onde deben situarse.

Artigo 68.- Forma de realización

1. A parada e o estacionamento realizaranse como norma xeral situando o vehículo paralelamente ao bordo da calzada, na forma denominada en liña ou cordón e en sentido da circulación.

2. Cando as características da vía ou outras circunstancias así o permitan a autoridade municipal con competencia en materia de tráfico poderá establecer que o estacionamento se realice en batería, tendo neste caso que establecer o devandito réxime expresamente mediante a instalación da correspondente sinalización con delimitación das prazas.

Artigo 69.- Lugares perigosos ou que obstaculizan a circulación.

1. Considéranse paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculizan gravemente a circulación os que constitúan un risco ou obstáculo á circulación, os seguintes supostos:

a) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.

b) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.

c) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmoble de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.

d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para diminuídos físicos.

e) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.

f) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.

g) Cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga durante as horas de utilización.

h) Cando o estacionamento se efectúe en dobre fila sen condutor.

i) Cando o estacionamento se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.

j) Cando o estacionamento se efectúe en espazos expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.

k) Cando o estacionamento se efectúe en espazos prohibidos en vía pública cualificada de atención preferente, especificamente sinalizados.

l) Cando o estacionamento se efectúe no medio da calzada.

m) As paradas ou estacionamentos que, sen estar incluídos nos parágrafos anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

CAPÍTULO II.- PARADAS

Artigo 70.- Concepto.

Considérase parada á inmobilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo e non sexa debida por mor de urxencia, por necesidades da circulación ou para cumprir algún precepto regulamentario.

Artigo 71.- Forma de efectuar a parada.

A parada deberá efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de usuarios da vía e debe situarse paralelamente ao bordo da calzada, salvo que a sinalización estableza outra forma. O condutor terá obrigación de retirar o vehículo cando fose requirido polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico ou cando as circunstancias do tráfico o esixan.

Artigo 72.- Lugares prohibidos.

1. Queda prohibido parar nos seguintes casos:

a) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles.

b) Nos pasos a nivel, pasos para ciclistas e pasos para peóns.

c) Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.

d) Nas intersecciόns e nas súas proximidades.

e) Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización aos usuarios a quen lles afecte ou obrigue a facer manobras.

f) Onde exista sinalización que o prohiba.

g) Nos carrís destinados ao uso exclusivo do transporte público urbano ou nos reservados para as bicicletas.

h) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.

i) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade e pasos para peóns.

CAPÍTULO III.- ESTACIONAMENTOS.

Artigo 73.- Concepto.

Considérase estacionamento a toda inmobilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada.

Artigo 74.- Forma de efectuar o estacionamento.

O estacionamento deberá efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto de usuarios da vía e debendo situalo paralelamente ao bordo da calzada, salvo que a sinalización estableza outra forma. O condutor terá obrigación de retirar o vehículo cando fose requirido polos axentes da Autoridade ou cando as circunstancias do tráfico o esixan.

Artigo 75.- Lugares prohibidos.

1. Queda prohibido estacionar nos seguintes casos:

a) En todos os lugares en que estea prohibida a parada.

b) Nos lugares habilitados polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico como de estacionamento con limitación horaria, conforme á regulación do sistema utilizado para iso, sen dispoñer do título que o autorice ou cando, dispoñendo del, se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola autorización.

c) En zonas sinalizadas para carga e descarga.

d) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.

e) Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso dos peóns.

f) Diante dos vaos sinalizados correctamente.

g) En dobre fila.

Artigo 76.- Remolques

Prohíbese o estacionamento de remolques e semirremolques separados do vehículo tractor salvo nos lugares autorizados expresamente.

Artigo 77.- Estacionamento de camións, autobuses e vehículos especiais.

1. Queda prohibido o estacionamento nas vías públicas obxecto da presente ordenanza de camións con M.M.A. superior a 18.000 quilogramos ou que teñan máis de dous eixes, dos autobuses con capacidade superior a 16 pasaxeiros, ademais do condutor e de vehículos especiais con M.M.A superior a 5.000 quilogramos, salvo nos lugares expresamente autorizados ou cando a vía teña anchura suficiente que permita o seu estacionamento fóra da calzada e a unha distancia mínima do bordo desta de 2 metros.

2. Excepcións. Quedan excluídos da prohibición establecida no punto anterior os camións que se atopen realizando labores de carga e descarga autorizada e os vehículos especiais cuxa presenza derive do seu emprego na realización de obras ou traballos na zona en que se atopen.

3. Sen prexuízo da aplicación da normativa ambiental ou a específica na materia en canto sexan máis restritivas, queda prohibido o estacionamento de camións de calquera M.M.A. destinados ao transporte de animais vivos con estes no seu interior. Os que se atopen baleiros non poderán facelo a unha distancia inferior a 50 metros de vivendas habitadas ou de calquera establecemento ou instalación en xeral, salvo as propias do sector gandeiro, industrias do sector cárnico ou relacionadas.

**TÍTULO VIII.- DAS AUTORIZACIÓNS DE ACCESO E RESERVAS PARA VEHÍCULOS.**

CAPÍTULO I.- DOS VAOS PERMANENTES.

Artigo 78.- Norma xeral das autorizacións e reservas para entrada e saída de vehículos.

1. Está suxeito a obtención de licenza municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto de todos os bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte polo que se realiza o acceso.

2. As licenzas que se concedan ao abeiro do presente artigo denominaranse vaos.

3. Os vaos que se concedan terán como finalidade exclusiva a de permitir o libre acceso e saída de vehículos do inmoble ou recinto para o que se pidan á vía pública. Queda prohibido solicitalos ou utilizalos unha vez concedidos con finalidade distinta da anterior, e, especialmente o seu uso como reserva de estacionamento con fins comerciais ou para o seu titular.

4. Non se autorizarán licenzas de vao cando a súa concesión supoña un prexuízo a terceiros ou requira a supresión de prazas de estacionamento distintas das existentes fronte á propia entrada ao inmoble ou recinto para o que se pida.

5.- As licenzas de vao permanente en vías ou zonas peonís só se concederán en casos excepcionais e debidamente motivados.

Artigo 79.- Obrigacións do titular de vao.

Ao titular do vao seranlle de aplicación as seguintes obrigacións:

a) A limpeza dos accesos ao inmoble de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.

b) Sinalizar o vao mediante a forma establecida no artigo 83 da presente ordenanza e conservar dita sinalización en condicións de visibilidade para o resto dos usuarios.

Artigo 80.- Tipos de licenzas de Vao.

As licenzas de Vao concederanse sempre con carácter permanente, é dicir, sin restrición de horarios, e terán carácter indifinido en tanto se manteñan as condicións para a sua concesión.

Artigo 81.- Autorización de licenzas de vaos.

1. As licenzas de Vaos serán concedida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico e poderán ser solicitadas polos propietarios e os posuidores lexítimos dos inmobles aos que se haxa de permitir o acceso e saída de vehículos.

2. Cada licenza ampará un único punto de acceso e saída de vehículos. Nos locais ou recintos que dispoñan de máis dunha porta apta para o seu uso como tal, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude para cal delas solicitan a licenza de vao permanente.

3. Soamente se concederá máis dunha licenza de vao permanente a un mesmo inmoble ou recinto cando a súa estrutura ou división interior non permitan a súa utilización a través dun único punto de acceso.

Artigo 82.- O expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos.

1. Toda concesión de licenza de vao requirirá a previa tramitación dun expediente de concesión o cal poderá iniciarse de oficio ou a petición dos interesados e ha de acompañarse da documentación, tanto técnica como doutro tipo, esixida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico incluíndo en todo caso informe de Policía Local.

Artigo 83.- Sinalización das entradas de vehículos.

1. A sinalización será vertical e consistirá na instalación en forma facilmente visible para tódolos os usuarios, na porta ou na fachada á beira daquela, do sinal R-308e en modelo aprobado polo Concello de Monforte de Lemos na que irá cuñado en todo caso o n.º de placa. Cando exista máis dunha porta de entrada nun mesmo garaxe ou recinto, a sinalización deberá colocarse de forma que exprese inequivocamente cal delas é a beneficiaria da licenza de vao permanente.

2. Será facilitada polo concello tralo aboamento das taxas que, de ser o caso, se establezan.

3.- Poderase reforzar a sinalización vertical establecida no punto 1 mediante o pintado dunha marca amarela continua na calzada, a unha distancia non superior a 10 cm. do bordo, nunca sobre este, e nunha lonxitude, salvo autorización expresa do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, igual á anchura da porta de acceso ao garaxe ou recinto.

4. Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas ocupando a calzada sen permiso municipal.

5. Cando o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vao deberá pedir o correspondente permiso de obra, cuxa concesión queda suxeita a autorización municipal e á súa realización nas condicións fixadas polos técnicos municipais.

6. Os gastos que ocasione a sinalización descrita así como as obras necesarias para a súa execución e mantemento serán por conta do solicitante.

Artigo 84.- Desperfectos en beirarrúas por reservas para entrada e saída de vehículos

Os desperfectos ocasionados en beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao concedido será responsabilidade dos titulares que estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que para o efecto se outorgue e cuxo incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 85.- Suspensión provisional dos dereitos.

O Concello poderá suspender por razóns do tráfico, obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias os efectos das licenzas de vaos con carácter temporal.

Artigo 86.- Revogación das licenzas de Vao.

1. As licenzas de vao poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:

a. Por ser destinadas a fins distintos para os que foron outorgadas.

b. Por desaparecer as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.

c. Por non aboar a taxa anual correspondente.

d. Por carecer da sinalización adecuada ou incumprir as obrigas sobre a súa colocación.

e. Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

2. A revogación dará lugar á obrigación do titular de retirar a sinalización, reparar o bordo da beirarrúa ao seu estado inicial e entregar a placa identificadora no concello.

Artigo 87.- Supresión de sinalización nos supostos de baixa ou anulación.

1. Cando se solicite a baixa da licenza de vao que se viña gozando por deixar de usar o local como aparcamento ou se produza a anulación de acordo co establecido no art. anterior deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparar o bordo da beirarrúa ao estado inicial e entregar a placa ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

2. A concesión da baixa solicitada requirirá o cumprimento previo destes requisitos.

CAPÍTULO II.- DAS RESERVAS DE PARADAS E ESTACIONAMENTO.

Artigo 88.- Normas xerais sobre reservas de paradas e estacionamento.

1. Non se establecerán nin autorizarán reservas de estacionamento ou parada de vehículos nas vías públicas que teñan carácter privativo ou particular, salvo o previsto para as licenzas de vao e para as reservas de baixada e subida de pasaxeiros en hoteis ou aloxamentos.

2. Unicamente poderán establecerse ou autorizarse aquelas que veñan determinadas ou requiridas pola prestación de servizos públicos ou oficiais.

Artigo 89.- Reservas de estacionamento para hoteis ou aloxamentos.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá conceder reservas de estacionamento aos hoteis ou aloxamentos de forma privativa para o uso como punto de baixada e subida dos viaxeiros aloxados neles e carga e descarga das súas equipaxes.

2. Soamente se concederán reservas do tipo previsto no punto anterior a aqueles establecementos que cumpran as seguintes condicións:

a) Dispoñer de unha capacidade de máis de 15 cuartos.

b) Que o propio establecemento non dispoña de un espazo propio que poida ser utilizado para tal fin, sen que se considere como tal o garaxe do mesmo.

c) Que non se encontre situado nunha vía peonil, cerrada ao tráfico de calquera forma ou con prohibición ou inexistencia de estacionamento.

d) Que non existan áreas de estacionamento, público ou privado, a unha distancia inferior a 50 metros da porta de entrado ao hotel ou aloxamento, distintas da zona de estacionamento que poida existir na propia rúa en que estea situado este.

3. As reservas desta clase serán sempre dunha praza de estacionamento para un vehículo tipo “Turismo” cunha lonxitude máxima de 6 metros para cada establecemento independente, para situar o máis preto posible da porta de acceso principal ao mesmo. Non se considerarán establecementos independentes aqueles que aínda que a actividade se exerza en inmobles individuais, estes pertenzan a un mesmo titular ou sexan xestionados pola mesma dirección e urbanisticamente sexan lindeiros.

4. As reservas deste tipo poderán ser suprimidas temporalmente por obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias. A súa revogación definitiva e supresión de sinalización nos supostos de baixa ou anulación rexerase polo disposto no capítulo anterior para os vaos permanentes en canto lles poida resultar de aplicación.

5. As autorizacións de reserva outorgaranse sempre con carácter discrecional, non creando dereitos subxectivos a favor dos seus titulares e poderán ser modificadas ou suprimidas polo Órgano de Goberno Municipal competente cando o requiran as necesidades do tráfico ou o interese público.

Artigo 90.- O expediente para a autorización das reservas para entrada e saída de vehículos.

1. A concesión das reservas para hoteis e aloxamentos requirirá a tramitación previa dun expediente de concesión o cal poderá iniciarse de oficio ou a petición dos interesados e ha de acompañarse da documentación, tanto técnica como doutro tipo, esixida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico incluíndo en todo caso informe de Policía Local.

Artigo 91.- Sinalización e vixilancia das reservas.

1. A sinalización será a cargo do solicitante e consistirá na instalación en forma facilmente visible para todos os usuarios do sinal vertical R-308 cun panel complementario co texto “Excepto servizo clientes Hotel …. Máximo 15 minutos” e o pintado de liña amarela en zigzag no tramo de vía obxecto de reserva con texto branco no seu interior coa lenda “Hotel ….”.

2. O solicitante queda obrigado a prestar a colaboración necesaria coa Policía Local e a adoptar as medidas que lle sexan esixidas polo Órgano de Goberno Municipal competente en materia de tráfico para facer que o uso da reserva se faga exclusivamente polos seus clientes.

Artigo 92.- Reservas de estacionamento restrinxidas a uso oficial.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer na vía publica zonas reservadas para estacionamento de vehículos pertencentes a entidades ou organismos oficiais, fronte á súa sede ou no lugar que resulte máis adecuado, sempre que as condicións da mesma o permitan.

2. Cando os vehículos pertencentes a ditos organismos non dispoñan de distintivos ou rotulación que os identifique, deberán dispoñer dunha tarxeta ou documento equivalente que acredite a súa pertenza ou adscrición ao servizo ou órgano beneficiario do estacionamento reservado e que será colocada polos seus condutores no interior, en lugar visible, cando fagan uso do referido estacionamento na súa condición de usuarios autorizados.

3. Ditas tarxetas ou autorizacións poderanse expedir directamente pola autoridade ou xefatura que exerza a dirección da entidade ou organismo beneficiario da reserva, ou, despois de solicitude para o efecto, facilitadas pola Policía Local. A súa función será unicamente identificadora para os efectos de exercer o dereito de estacionamento na zona reservada, carecendo de calquera validez ou efecto fóra da mesma. A súa emisión unicamente se poderá realizar cando exista zona de estacionamento reservado debidamente delimitada e sinalizada.

3.- Os vehículos oficiais das Forzas e Corpos de Seguridade, quedan autorizados a estacionar en calquera das reservas de estacionamento restrinxido creadas ao abeiro do presente artigo.

Artigo 93.- Reservas de estacionamento a condutores con discapacidade.

1. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico determinará os lugares da vía pública que se destinarán a estacionamento reservado para vehículos conducidos por persoas con discapacidade, previndo especificamente a dotación de prazas nas zonas céntricas e naquelas en que se atopen situados servizos públicos ou administrativos.

2. A petición dos interesados poderá crear prazas en zonas que, sen ser de concorrencia pública notoria, sexan necesarias para facilitar o estacionamento do solicitante no seu domicilio. Estas prazas en ningún caso poderán ser consideradas privativas do solicitante e poderán ser utilizadas por calquera outro usuario que dispoña de tarxeta acreditativa de discapacidade. Poderán ser suprimidas cando cese o motivo que xustificou a súa creación.

3.- As prazas reservadas para este tipo de usuarios únicamente poderán ser utilizadas para o estacionamento de vehículos conducidos ou ocupados por persoa (ou persoas) afectada e titular da tarxeta.

4.- O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer limitación do tempo de estacionamento máximo continuado en todas ou algunhas das prazas reservadas a persoas con discapacidade. Esta limitación non poderá ser inferior a 30 minutos.

Artigo 94.- Paradas de Taxis, Ambulancias, Transporte Público e Escolar.

O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico poderá establecer zonas destinadas á parada ou estacionamento de vehículos de servizo público destinados á prestación de servizos de interese xeral. Especificamente establecerá os lugares da vía pública que se destinarán a Parada de Taxis así como a capacidade dos mesmos en cada caso, as zonas reservadas a ambulancias e fixará os espazos que considere necesarios para parada de transportes colectivos de viaxeiros tanto de servizo urbano como interurbano e escolar. Os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros non poderán parar nin estacionar nas vías urbanas, salvo nos lugares expresamente autorizados e sinalizados para o efecto.

**TÍTULO IX.- DO USO, OCUPACIÓN E ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA.**

Artigo 95.- Actividades en xeral.

1. Salvo autorización expresa concedida polo Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, queda prohibido en calquera parte ou zona da vía pública:

a) Colocar ou instalar calquera elemento, quiosco ou montaxe, provisional ou permanente, incluídos aqueles asegurados nas paredes das fachadas á vía pública dos inmobles lindeiros.

b) A exposición con finalidade comercial ou de venda de calquera produto ou artigo, salvo a que se realice con ocasión de festexos, tanto patronais como de barrios, cuxa instalación sexa autorizada pola comisión organizadora dentro do espazo de celebración do evento.

c) Especificamente o estacionamento ou a exposición na vía pública de vehículos con carteis ou anuncios con finalidade comercial ou de venda.

d) A realización de calquera actividade organizada, deportiva, lúdica ou similar, salvo as que se deriven do exercicio de calquera dereito que non precise autorización previa ou estean suxeitas a normativa reguladora propia.

2.- Exclúense as actividades que dispoñan de regulación propia mediante ordenanza ou outra norma legal como a instalación de terrazas, mercadiños, e similares.

Artigo 96.- Mudanzas.

1. As operacións de carga e descarga por motivo de mudanza que precisen a instalación de vehículos en zonas reservadas ou suxeitas a limitacións de calquera clase, que afecten ao tráfico de persoas ou vehículos ou que precisen a instalación de equipos complementarios, requirirán a concesión de autorización previa por parte do Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico.

2. Dita autorización tramitarase mediante solicitude presentada cunha antelación mínima de quince días hábiles antes da data en que se pretende o inicio dos traballos, na que constará a actividade para a que se solicita permiso, a localización dos vehículos e elementos complementarios que se pretenden utilizar, o tempo de duración dos traballos, a data de inicio e horario da reserva solicitada.

3. O Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico, tras informe da Policía Local, resolverá sobre a concesión e as condicións a impoñer.

4. A prohibición de estacionamento na zona reservada, a delimitación desta e o horario de inicio da mesma sinalizarase debidamente polo solicitante con polo menos 48 horas de antelación ao comezo dos traballos, quedando obrigado a dar comunicación á Policía Local, para os efectos de comprobación de que a mesma se axusta á normativa e condicións da autorización.

5. Aqueles vehículos que fosen estacionados na zona delimitada con posterioridade á colocación da sinalización e permanezan nela ao comezo da vixencia da prohibición poderán ser retirados ao depósito municipal, con devindicación das correspondentes taxas.

Artigo 97.- Colectores para obras e sacas de cascallos.

1. Son colectores para obras os recipientes normalizados, especialmente deseñados para ser cargados e descargados sobre vehículos de transporte especial e destinados á recollida de materiais residuais, principalmente cascallos de obras.

2. Son sacas de cascallos os recipientes normalizados non ríxidos, con capacidade ata a un metro cúbico.

3. A colocación de colectores para obras e sacas de cascallos está suxeita á obtención previa de autorización municipal, que en ningún caso se outorgará se as condicións da rede viaria non o permiten ou se non se dispón da correspondente licenza para a execución de obras. Permitirase a colocación de sacas unicamente cando os cascallos a retirar non superen na súa totalidade a capacidade dun metro cúbico ou cando polas condicións da vía sexan máis adecuadas ou non sexa posible a colocación de colectores.

4. A colocación de colectores e sacas poderá levar aparellada a esixencia da previa constitución ou depósito de garantía que asegure a reparación dos danos que puidesen causarse no espazo público.

5. Os colectores e sacas situados dentro dun recinto dunha obra, xa autorizado, non precisarán autorización.

6. Ao retirarse o colector ou a saca deberá deixarse en perfectas condicións de limpeza, orde e estética a superficie da vía pública afectada pola súa ocupación. O titular da autorización será responsable do estado da vía pública así como dos danos causados á mesma.

7. Situación na vía pública. Os colectores ou sacas situaranse, se fose posible, no interior da zona pechada de obras. De non ser posible a súa colocación dentro da obra, poderán situarse en calzadas onde estea permitido o estacionamento, dentro da zona de estacionamento. En todo caso deberán observarse na súa colocación as prescricións seguintes:

a. Situaranse preferentemente diante da obra á que serven ou tan preto como sexa posible.

b. Deberán colocarse de modo que non impidan a visibilidade dos vehículos, especialmente nos cruzamentos, respectando as distancias establecidas para os estacionamentos polo Regulamento Xeral de Circulación.

c. Non poderán situarse nos pasos de peóns nin diante deles ou dos vaos e rebaixes para persoas con discapacidade, nin en reservas de estacionamentos e paradas, excepto cando estas reservas sexan solicitadas para a mesma obra.

d. En ningún caso os colectores poderán ser colocados total ou parcialmente sobre as tapas de acceso aos servizos públicos, sobre bocas de incendio, alcorques das árbores nin, en xeral, sobre ningún elemento urbanístico cuxa utilización puidese ser dificultada en circunstancias normais ou en caso de urxencia.

e. Colocaranse, en todo caso, de modo que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa ou á liña de fachada, excepto naqueles tramos que teñan estacionamento en batería, nos que se gardará a aliñación.

f. Deberán separarse 0,20 metros da beirarrúa, de modo que non impidan o paso das augas superficiais ata o sumidoiro máis próximo.

8. A instalación de sacas sobre beirarrúas e espazos peonís poderá autorizarse cando quede unha zona libre de paso de 1,80 metros, como mínimo, sempre que a retirada das sacas non sexa susceptible de causar danos no pavimento. Excepcionalmente poderá autorizarse a colocación de colectores sobre beirarrúas e espazos peonís cando as circunstancias do tráfico rodado e peonil así o aconsellen. Nese caso adoptaranse as medidas oportunas de protección do pavimento. En calquera caso, deberase respectar as condicións que determina a normativa de accesibilidade vixente.

9. Cando teñan que situarse en zonas de reducida visibilidade ou que nalgunha forma poidan representar un perigo para a circulación de calquera usuario deberán sinalizarse conforme ao establecido na lexislación de tráfico e na presente ordenanza con sinais luminosos durante a noite, aínda que a vía en que se atopen alcance a consideración de suficientemente iluminada. Esta sinalización será a cargo do responsable da súa instalación.

10. Os colectores e sacas só poderán ser utilizados para o fin autorizado.

Artigo 98.- Casetas de obras.

1. Con carácter xeral a colocación de casetas de obra realizarase dentro do recinto da obra.

2. Excepcionalmente poderá autorizarse a colocación de casetas fóra dos recintos de obra para facilitar a execución das mesmas.

3. A caseta de obras utilizarase tanto como vestiario do persoal operario como para gardar material e ferramenta, cando as obras se refiran, principalmente, a elementos comúns de propiedades horizontais, tales como tellados, fachadas, instalación e substitución de ascensores, e o solicite ben a persoa titular da licenza de obras, ben a Comunidade de Propietarios/as por conta da súa presidencia, con cumprida e suficiente acreditación da imposibilidade de situar tal recinto dentro da propiedade correspondente á Comunidade interesada, como é o portal, o patio ou calquera outro elemento común.

4. A autorización outorgarase trala acreditación da obtención da correspondente licenza de obras e por un período nunca superior ao prazo autorizado para execución das mesmas.

Artigo 99.-Estadas, estruturas de obras e maquinaria para construción, mantemento ou rehabilitación de edificios.

1. A súa instalación, con independencia da obtención de cantas outras licenzas ou permisos requira deberá ser comunicada ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico na forma e prazos establecidos no artigo 25 para a sinalización de obras na vía pública. Dito órgano establecerá as condicións de instalación e determinará as medidas oportunas para reorganizar o tráfico de persoas e vehículos pola zona afectada. A sinalización e a adopción das medidas requiridas será por conta do promotor ou executante da obra ou montaxe.

2. A autorización outorgarase trala acreditación da obtención da correspondente licenza de obras e por un período nunca superior ao prazo autorizado para execución das mesmas.

3.- En todo caso, e sen prexuízo de aplicación da normativa técnica e de seguridade específica, a instalación que se pretenda executarase cumprindo os seguintes requisitos.

a) Cando se produza a ocupación da beirarrúa ou zona de paso de peóns establecerase un paso integrado ou alternativo de polo menos 1,00 m de ancho.

b) Este paso estará adecuadamente protexido e independizado tanto da obra como do tráfico de vehículos, incluso mediante a colocación dun teito que protexa contra a posible caída de obxectos ou materiais e dotado de iluminación durante a noite e cando pola súa construción quede privado de iluminación exterior.

c) Deberá garantirse a seguridade dos peóns mediante a colocación de elementos protectores nos salientes das estruturas.

Artigo 100.- Probas de carácter deportivo.

1. A autorización de probas deportivas que transcorran integramente polas vías públicas de competencia municipal corresponde ao Órgano de Goberno Municipal competente no ámbito de tráfico do Concello de Monforte de Lemos.

2. A tramitación iniciarase con solicitude do responsable ou organizador que deberá ser presentada con polo menos un mes de antelación á data en que se pretende a súa realización xunto á que se dará traslado de toda a documentación técnica da mesma e bases que a rexerán.

3. Sen prexuízo de esixir canta outra documentación estime procedente, o órgano instrutor solicitará en todo caso informe de Policía Local.

c. O titular do vehículo terá que reparar as anomalías dentro do prazo máximo de 15 días. Para o efecto da comprobación e dentro deste prazo terá que achegar unha certificación dunha estación de Inspección Técnica de Vehículos onde conste que os equipos afectados funcionan sen deficiencias ou superar favorablemente unha nova inspección realizada nun taller, instalación municipal ou privado, designado pola Policía Local, que dispoña dos equipos precisos para efectuar as medicións necesarias. En caso contrario poderase instar á autoridade competente a executar a perda de vixencia da autorización administrativa correspondente ao vehículo.

2. A realización da proba de medición da emisión de ruídos, fumes, gases ou partículas dun vehículo, supoñerá para o seu titular o aboamento do custo da súa realización, no caso de que exceda os límites de emisión establecidos na ordenanza medio ambiental competente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta Ordenanza.

Os procedementos sancionadores en tramitación á entrada en vigor desta ordenanza seguirán rexendo, ata a súa terminación, polas normas vixentes no momento da súa iniciación, salvo que puidesen derivarse efectos máis favorables para o cidadán coa entrada en vigor da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Actualizacións das contías das sancións de multa.

As contías das sancións de multa previstas na presente ordenanza actualizaranse por acordo do Pleno da Corporación do Concello de Monforte de Lemos.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente ordenanza.

**ANEXOS.**

ANEXO I-A. Vías autorizadas a circulación en tránsito de vehículos ou conxuntos de vehículos con M.M.A. superior a 18.000 quilogramos ou que teñan máis de dous eixes, dos autobuses con capacidade superior a 16 pasaxeiros, ademais do condutor, e de vehículos especiais con M.M.A superior a 5.000 quilogramos.

ESTRADA N-120 a, tramo dende rotonda de enlace con rolda urbana ata final de competencia municipal.

ROLDA URBANA COMPLETA, dende R/San Pedro ata R/Ourense.

R/CHANTADA, dende rotonda de enlace con Rolda M.ª Emilia Casas Baamonde ata fin de competencia municipal.

Avda. LUÍS MOURE MARIÑO, dende Rolda M.ª Emilia Casas Baamonde ata fin de competencia municipal.

DR. CASARES, dende enlace con Rolda M.ª Emilia Casas Baamonde ata a súa finalización.

MORÍN, completa.

CONCEPCIÓN ARENAL, completa.

SAN PEDRO, completa.

CALVO SOTELO, completa.

R. VALLE INCLÁN, completa.

BENITO VICETTO, completa.

MALVARÓN, completa.

SOBER, completa.

SÁN LÁZARO, completa.

REBOREDO, dende enlace con S. Lázaro ata fin de competencia municipal.

ANEXO I-B. Vías Peonís.

CARDEAL. Tramo dende cruzamento con Avda. De Galicia ata Praza de España.

HERMIDA BALADO. Completa.

COMERCIO. Completa.

PRAZA DE ESPAÑA. Parte correspondente á Praza, ata enlace con R/Bailén.

Dr. TEIJEIRO, tramo entre Praza de Abastos e Praza de España.

Dr. TEIJEIRO, tramo entre Roberto Baamonde e Xulio Camba.

ANEXO I-C. Vías incluídas no centro histórico para efectos de tráfico e circulación.

LAGARES.

REAL, dende cruzamento con Lagares ata Campo da Virxe.

CERCA.

CORNA

As FLORES

DR. TEIJEIRO, tramo non peonil.

XULIO CAMBA

RICARDO QUIROGA.

PRAZA DE ESPAÑA, tramo non peonil.

BAILÉN

SANTO DOMINGO

PANADERAS

BURATO

CÁRCERE VELLO

PESCADERÍAS

ZAPATERÍAS.

FALAGUEIRA

PORTA NOVA

CAMPO DA VIRXE

ACCESO A SAN VICENTE

PRAZA DE LUÍS DE GÓNGORA E ARGOTE.

COSTA DA PENA

ABELARDO BAANANTE

DR. CASARES, Tramo dende inicio ata enlace con R/Malecón.

ANEXO II. CADRO CODIFICADO DE INFRACCIÓNS.

ABREVIATURAS:

NORMA: O.M.C. = ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN

ART. = ARTÍGO INFRINXIDO.

APT. = APARTADO.

OPC.= OPCIÓN

PUN.= PUNTOS A DETRAER.

CALIFICACIÓN = LEVE/GRAVE/MOI GRAVE, CON INDICACIÓN DO ARTIGO E APARTADO QUE DETERMINA A INCLUSIÓN NO TIPO RESPECTIVO.

TEXTO INFRACCIÓN = TEXTO INFRACCIÓN

IMPORTE/IMP. RED. = CIFRA SUPERIOR: IMPORTE SANCIÓN. CIFRA INFERIOR: IMPORTE REDUCIDO CANDO PROCEDA A APLICACIÓN DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR ABREVIADO.

| NORMA | ART. | APT. | OPC. | PUN. | CALIFICACIÓN | TEXTO INFRACCIÓN | IMPORTE<br>IMP. RED. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

Artigo 6.- Usuarios.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 006 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Comportarse indebidamente na circulación causando perigo ás persoas (deberá indicarse detalladamente o comportamento e/ou o tipo de perigo causado). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 006 | 1 | 1B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Comportarse indebidamente na circulación entorpecendo a mesma, causando prexuízos e molestias innecesarias ás persoas ou danos aos bens (deberá indicarse detalladamente o comportamento e/ou o tipo de prexuízo, molestia ou dano causados). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 006 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar actividades na vía pública destinadas a organizar o estacionamento de vehículos, ordenalo en calquera forma ou dirixir e asistir á xeneralidade dos condutores na realización das manobras correspondentes. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 006 | 4 | 4A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non respectar as indicacións do persoal colaborador da autoridade encargada da vixilancia do tráfico, ou doutras forzas e corpos de seguridade, en dispositivos especiais de tráfico ou situacións de urxencia. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 7.- Condutores, ocupantes, titulares e/ou arrendadores de vehículos e outros usuarios.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 007 | 1 | 1A | 6 | Moi grave.<br>Art.130 e) | Conducir de forma temeraria (describir con detalle a conduta merecedora do cualificativo de temeraria). | 500,00 €<br>250,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129m) | Conducir de forma neglixente creando unha situación de risco ou perigo para si mesmo, os demais ocupantes do vehículo ou ao resto de usuarios da vía (deberá detallarse, de modo breve e claro, a conduta e o risco ou perigo que implica). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129m) | Conducir sen a dilixencia, precaución e non distracción necesarios para evitar todo dano propio ou alleo (deberá detallarse a conduta). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1D | 0 | Grave<br>Art.129 p) | Circular cun vehículo cuxas placas de matrícula presentan obstáculos que impiden ou dificultan a súa lectura e identificación (detallar se existe obstáculo, falta de visibilidade ou inexistencia de placas). | 200,00 €<br>100,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 007 | 1 | 1E | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Conducir sen adoptar as precaucións necesarias para a seguridade doutros usuarios da vía (deberá indicarse o feito que provocou a falta de precaución). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1F | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Conducir o vehículo sinalado sen manter a propia liberdade de movementos (deberán concretarse os feitos). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1G | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Conducir un vehículo sen manter o campo de visión (deberán concretarse os feitos). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1H | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Conducir un vehículo sen manter a atención permanente á condución (deberán concretarse os feitos). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1I | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Conducir un vehículo sen manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros (deberán concretarse os feitos). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1J | 0 | Leve<br>Art.128 c. | Conducir un vehículo sen coidar da adecuada colocación dos obxectos ou algún animal transportado para que non interfiran a condución (deberán concretarse os feitos). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1K | 3 | Grave<br>Art.129 h) | Non utilizar o condutor do vehículo o cinto de seguridade, correctamente abrochado. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 1 | 1L | 0 | Grave<br>Art.129 h) | Non utilizar o ocupante do vehículo o cinto de seguridade, correctamente abrochado (denunciar por este feito tanto en caso de maiores como de menores de idade que, non estando incluídos nos casos exentos, teñan que utilizar o correspondente cinto de seguridade.) | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2A | 3 | Grave<br>Art.129 f) | Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2B | 3 | Grave<br>Art.129 g) | Conducir utilizando manualmente o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución (deberá especificarse o dispositivo utilizado). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2C | 3 | Grave<br>Art.129 f) | Circular cun vehículo utilizando o condutor dispositivos visuais incompatibles coa atención permanente á condución (deberá especificarse o dispositivo utilizado). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2D | 0 | Grave<br>Art. 129 i) | Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de motocicletas ou ciclomotores en condicións distintas ás regulamentarias (deben terse en conta as excepcións regulamentarias para maiores de 7 anos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2E | 0 | Moi grave<br>Art.130 p) | Instalar un inhibidor de radar ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico (deberá concretarse o mecanismo ou sistema). | 3.000,00 €<br>SEN REDUC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 007 | 2 | 2F | 3 | Grave<br>Art.129 g) | Conducir o vehículo sinalado utilizando mecanismos de detección de radares ou cinemómetros (trala entrada en vigor da lei 6/2014, de 7 de abril, amplíase a instrumentación prohibida non só aos inhibidores senón tamén aos detectores). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2G | 6 | Moi grave<br>Art.130 h) | Conducir co vehículo sinalado levando instalado un inhibidor de radar ou calquera outro mecanismo encamiñado a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico (deberá concretarse o mecanismo ou sistema.) | 6.000,00 €<br>SEN REDUC |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2H | 4 | Grave<br>Art.129 n) | Botar sobre a vía obxectos ou materias que fagan perigosa a libre circulación, parada ou estacionamento ou deteriorar aquela ou as súas instalacións (deberá indicarse o obxecto ou materia que cause o perigo ou deterioración). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 2 | 2I | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento (deberá indicarse o obxecto ou materia que cause o entorpecemento). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 007 | 3 | 3A | 0 | Grave<br>Art.129 v) | Non impedir o titular, o arrendatario a longo prazo ou o condutor habitual que o vehículo sexa conducido por quen nunca obtivo o permiso ou a licenza de condución correspondente. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 007 | 3 | 3B | 0 | Moi grave<br>Art.130 j) | Non facilitar o titular ou arrendatario do vehículo, debidamente requirido para iso, a identificación veraz do condutor do mesmo no momento de ser cometida unha infracción (a contía da multa proposta será o dobre da prevista para a infracción leve orixinaria que a motivou). | SEN REDUC. |
| O.M.C. | 007 | 3 | 3C | 0 | Moi grave<br>Art.130 j) | Non facilitar o titular ou arrendatario do vehículo, debidamente requirido para iso, a identificación veraz do condutor do mesmo no momento de ser cometida unha infracción (a contía da multa proposta será o triplo da prevista para a infracción grave ou moi grave orixinaria que a motivou). | SEN REDUC. |

Artigo 8.- Sentido da circulación.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 008 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Non circular pola vía o máis cerca posible do bordo dereito da calzada deixando completamente libre a metade da calzada que corresponda aos que poidan circular en sentido contrario. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 008 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Non circular pola vía nun cambio de rasante ou curva de reducida visibilidade deixando completamente libre a metade da calzada que corresponda aos que poidan circular en sentido contrario. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 008 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular por unha vía de dobre sentido de circulación sen arrimarse o máis cerca posible ao bordo dereito da calzada para manter a separación lateral suficiente para realizar o cruzamento con seguridade. | 200,00 €<br>100,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 008 | 1 | 1D | 6 | Moi grave<br>Art.130 f) | Circular pola esquerda nunha vía de dobre sentido da circulación en sentido contrario ao estipulado. | 500,00 €<br>250,00 € |
| O.M.C. | 008 | 4 | 4A | 6 | Moi grave<br>Art.130 f) | Circular pola esquerda nunha vía de dobre sentido da circulación separado por illotes ou dispositivos de guía en sentido contrario ao estipulado. | 500,00 €<br>250,00 € |

Artigo 9.- Utilización da calzada e beiravías.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 009 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular pola beiravía, non existindo razóns de urxencia, cun vehículo automóbil | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 009 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular pola beiravía, non existindo razóns de urxencia, cun vehículo especial con m.m.a. superior á regulamentariamente establecida. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 009 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Non circular pola beiravía transitable da súa dereita o condutor do vehículo sinalado estando obrigado a utilizala | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 009 | 1 | 1D | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Non circular pola beiravía transitable da súa dereita o condutor do vehículo sinalado con m.m.a. que non exceda á regulamentariamente establecida, que por razóns de urxencia o faga a velocidade anormalmente reducida, perturbando con iso gravemente a circulación. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 009 | 2 | 2A | 0 | Grave<br>Art.129 z) | Circular en posición paralela con outro vehículo, tendo ambos prohibida dita forma de circular. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 009 | 3 | 3A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular cun automóbil ou vehículo especial por calzada de poboado con polo menos dous carrís para o mesmo sentido, cambiando de carril sen motivo xustificado, creando un obstáculo á circulación dos demais vehículos. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 009 | 3 | 3B | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular cun automóbil ou vehículo especial por calzada de poboado con polo menos dous carrís para o mesmo sentido, delimitados por marcas lonxitudinais, cambiando de carril sen motivo xustificado. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 10.- Dos axentes encargados da vixilancia do tráfico.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 010 | 2 | 2A | 4 | Grave<br>Art.129 j) | Non respectar os sinais dos axentes da autoridade que regulan a circulación (deberá describirse brevemente o sinal desobedecido). | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 11.- Sinais dos axentes de tráfico.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 011 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non utilizar pezas de cores rechamantes e dispositivos ou elementos retrorreflectores o persoal habilitado para regular a circulación en ausencia de axentes da circulación ou para o auxilio destes. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 12.- Regulación do tráfico por persoas distintas aos axentes de tráfico.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 012 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c | Regular o tráfico o persoal autorizado de obras sen utilizar sinalización ou sen que a utilizada cumpra as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirregulamentario). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 012 | 3 | 3A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Regular o tráfico o persoal autorizado distinto dos axentes da autoridade e persoal de obras sen utilizar sinalización ou sen que a utilizada cumpra as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirregulamentario). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 13. Normas xerais. (Sinais de circulación).

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 013 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Reiniciar a marcha o condutor dun vehículo detido en cumprimento dun sinal de obrigación sen cumprir a prescrición que dita sinal establece (clarificar as circunstancias da infracción). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 013 | 3 | 3A | 0 | Art.128 c) | Non instalar en forma fixa a sinalización de obras cando estas teñan unha duración superior a 15 días. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 14.- Competencia e responsabilidade da sinalización.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 014 | 4 | 4A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Non seguir as indicacións do persoal destinado a regular o paso en tramos en obras. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 15.- Catálogo oficial de sinais e marcas viarias.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 015 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Utilizar un sinal que non cumpre as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirregulamentario). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 18.- Obrigacións relativas ao mantemento, retirada, substitución e alteración de sinais.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 018 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non obedecer a orde de retirada dos sinais de circulación que sexan instalados sen autorización ou de forma antirregulamentaria. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 018 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non obedecer a orde de retirada, e se é o caso, substitución polo que sexa adecuado, dos sinais de circulación que perdan o seu obxecto (indicar as razóns para tal consideración). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 018 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non obedecer a orde de retirada, e se é o caso, substitución polo que sexa adecuada, dos sinais de circulación deteriorados (indicar a deterioración existente). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 018 | 2 | 2A | 0 | Moi grave<br>Art.130 n) | Retirar, ocultar, alterar, instalar ou deteriorar a sinalización permanente ou ocasional nunha vía sen permiso ou causa xustificada. | 3.000,00 €<br>SEN REDUC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 018 | 2 | 2B | 0 | Moi grave<br>Art.130 n) | Modificar o contido do sinal de tal modo que poida inducir a confusión ao resto dos usuarios (deberá indicarse a modificación efectuada). | 3.000,00 €<br>SEN REDUC |
| O.M.C. | 018 | 2 | 2C | 0 | Moi grave<br>Art.130 n) | Modificar o contido do sinal de tal modo que poida reducir a súa visibilidade ou eficacia (deberá indicarse a modificación efectuada). | 3.000,00 €<br>SEN REDUC |
| O.M.C. | 018 | 2 | 2D | 0 | Moi grave<br>Art.130 n) | Modificar o contido do sinal de tal modo que poida cegar aos usuarios da vía ou distraer a súa atención (deberá indicarse a modificación efectuada). | 3.000,00 €<br>SEN REDUC |

Artigo 20.- Prevalencia dos sinais de circulación.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 013 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128c) | Non obedecer o sinal prioritario no caso de prescricións indicadas por diferentes sinais en aparente contradición. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 013 | 2 | 2B | 0 | Leve<br>Art.128c) | Non obedecer o sinal máis restritivo no caso de prescricións indicadas por sinais do mesmo tipo en aparente contradición. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 22.- Prohibicións. (Respecto da sinalización)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 22 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Colocar sobre o sinal ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión ou distraer a súa atención, cando non afecten a seguridade do tráfico. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 022 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Colocar sobre o sinal adhesivos, panfletos ou outros elementos fixos ou provisionais, que limiten a visibilidade aos usuarios, poidan inducir a confusión ou distraer a súa atención, cando non afecten á seguridade do tráfico. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 022 | 3 | 3A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar o pintado de marcas ou lendas sobre a calzada, cando non afecten á seguridade do tráfico.. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 24.- Normas xerais. (Sinalización de obras e obstáculos)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 024 | 1 | 1A | 0 | Moi grave<br>Art.130m) | Non instalar a sinalización de obras na forma establecida regulamentariamente, poñendo en grave risco a seguridade viaria (deberán especificarse tódolos os extremos e circunstancias observadas no momento de detectarse os feitos denunciados para facilitar a determinación e persecución dos mesmos por parte das autoridades competentes). | 3.000,00 €<br>1.500,00 € |
| O.M.C. | 024 | 1 | 1B | 0 | Moi grave<br>Art.130m) | Instalar a sinalización de obras en forma distinta ao disposto na normativa vixente, poñendo en grave risco a seguridade viaria (deberán especificarse tódolos os extremos e circunstancias observadas no momento de detectarse os feitos denunciados para facilitar a determinación e persecución dos mesmos por parte das autoridades competentes). | 3.000,00 €<br>1.500,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 024 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non sinalizar regulamentariamente as obras que dificulten a circulación viaria tanto de día como de noite (especificar o incumprimento detectado). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 024 | 1 | 1D | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non balizar luminosamente as obras realizadas na vía durante as horas nocturnas. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 024 | 1 | 1E | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non balizar luminosamente as obras realizadas na vía cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 024 | 1 | 1F | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Realizar obras ou actividades na vía non utilizando os elementos e dispositivos de sinalización, balizamento específicos de obra. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 25.- Comunicación á autoridade responsable do tráfico.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 025 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non comunicar ao órgano responsable da xestión e regulación do tráfico a realización de obras na vía pública antes do seu inicio. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 025 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Incumprir as instrucións ditadas pola autoridade responsable da xestión e control do tráfico, con ocasión da realización e sinalización de obras na vía pública (especificar o incumprimento detectado). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 025 | 3 | 3A | 0 | Grave<br>Art.129 b) | Non comunicar ao órgano responsable da xestión e regulación do tráfico a realización de obras na vía pública de carácter urxente cando precisen o corte da vía ou a reordenación da circulación. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 26.- Obstáculos á circulación.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 026 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non facer desaparecer canto antes un obstáculo ou perigo na vía por quen o creou (deberá indicarse o obstáculo ou perigo existente). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 026 | 1 | 1B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non adoptar as medidas necesarias para advertir aos demais usuarios a existencia dun obstáculo ou perigo creado na vía polo propio denunciado. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 026 | 1 | 1C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non sinalizar de forma eficaz (tanto de día como de noite) un obstáculo ou perigo na vía por quen o creou (deberá indicarse a sinalización empregada ou a falta da mesma). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 27.- Sinalización complementaria.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 027 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Regular o tráfico por motivo de obras e obstáculos na calzada sen utilizar sinalización ou sen que a utilizada cumpra as normas e especificacións establecidas no regulamento xeral de circulación e o catálogo oficial de sinais de circulación (especificar detalles descritivos do sinal antirregulamentario). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 27 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non utilizar pezas de cores rechamantes e dispositivos ou elementos retrorreflectores o persoal habilitado para regular a circulación por motivo de obras. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 30.- Restricións á circulación de vehículos de determinadas categorías.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 030 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular por unha vía contravindo a restrición ou limitación de circulación a determinados vehículos ordenada pola autoridade competente para evitar o entorpecemento daquela e garantir a súa fluidez. (circular en tránsito por vía non permitida cun camión con m.m.a. Superior a 18.000 quilos ou máis de dous eixes). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 030 | 1 | 1B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular por unha vía contravindo a restrición ou limitación de circulación a determinados vehículos ordenada pola autoridade competente para evitar o entorpecemento daquela e garantir a súa fluidez. (circular en tránsito por vía non autorizada un autobús con capacidade superior a 16 pasaxeiros, ademais do condutor). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 030 | 1 | 1C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular por unha vía contravindo a restrición ou limitación de circulación a determinados vehículos ordenada pola autoridade competente para evitar o entorpecemento daquela e garantir a súa fluidez. (circular en tránsito un vehículo especial con m.m.a. superior a 5.000 quilos). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 32.- Normas xerais. (Circulación de Bicicletas)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 032 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta pola beirarrúa. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 032 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular cunha bicicleta pola beiravía da esquerda. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 032 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular cunha bicicleta pola calzada existindo beiravía do seu lado dereito practicable. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 032 | 1 | 1D | 0 | Art.128 c) | Circular por zona peonil en bicicleta sen respectar a prioridade de paso dos peóns ou a velocidade superior á do paso de persoas. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 032 | 4 | 4A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cun ciclo ou bicicleta sen facelo polo carril máis próximo á beirarrúa. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 032 | 4 | 4B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cun ciclo ou bicicleta invadindo un carril ou zona reservada ao transporte público. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 032 | 5 | 5A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular un peón sobre un carril -bici. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 032 | 5 | 5B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Non ceder o peón a preferencia de paso ás bicicletas nun carril- bici fóra de paso de peóns sinalizado. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 33.- Prioridade de paso de ciclistas.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 033 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129c) | Non respectar a prioridade de paso para ciclistas, con risco para estes. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 34. Interacción entre bicicletas e vehículos a motor.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 034 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Adiantar cun vehículo de motor a un ciclista deixando entre os dous unha separación inferior a 1,50 metros ou non utilizando o carril contiguo da calzada. (especificar o suposto acontecido). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 034 | 1 | 1B | 4 | Grave<br>Art.129 ñ) | Circular cun vehículo de motor detrás dun ciclista sen manter unha distancia de seguridade de polo menos 5 metros. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 35.- Outras normas na circulación de bicicletas.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 035 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta apoiada nunha soa roda. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 1 | 1B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular dúas persoas nunha bicicleta en condicións distintas ás regulamentarias (especificar o incumprimento). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 1 | 1C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta soltando o guiador por motivo distinto de sinalización de manobras. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 1 | 1D | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta suxeitándose a outros vehículos para ser remolcada. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 1 | 1E | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta en forma de zigzag entre vehículos ou peóns. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 1 | 1F | 3 | Grave<br>Art.129 o) | Circular cunha bicicleta utilizando auriculares, cascos ou elementos análogos. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 035 | 1 | 1G | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta transportando obxectos que dificulten a visión ou a súa utilización. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta carecendo de timbre.. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 2 | 2B | 0 | Grave<br>Art.129 o) | Circular co vehículo sinalado sen estar provisto dos dispositivos de iluminación e sinalización óptica obrigatorios (haberá de especificarse o dispositivo do que carece o vehículo, de conformidade co disposto nos anexos X e XI do Regulamento Xeral de Vehículos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 035 | 2 | 2C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta por unha vía urbana suficientemente iluminada, entre o ocaso e a saída do sol, sen levar acendida a iluminación. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 3 | 3A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta utilizando remolque non homologado. | 80,00 €<br>40,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 035 | 3 | 3B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta utilizando remolque durante a noite ou en condicións de baixa visibilidade. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 3 | 3C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta con remolque sendo o ciclista menor de idade. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 4 | 4A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta transportando pasaxeiros regulamentariamente autorizados sendo o condutor menor de idade. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 4 | 4B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta transportando pasaxeiros regulamentariamente autorizados en dispositivos non homologados. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 035 | 4 | 4C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cunha bicicleta transportando menores regulamentariamente autorizados sen que estes porten casco protector. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 36.- Estacionamento de bicicletas.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 036 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Estacionar unha bicicleta en zona prohibida por ordenanza municipal (especificar lugar). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 38.- Circulación doutros tipos de enxeños mecánicos.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 038 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular pola calzada sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen causa xustificada (deberá indicarse o aparello utilizado). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 038 | 2 | 2B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sen acomodarse á marcha dos peóns (sempre que non constitúa perigo para os demais usuarios).Deberá indicarse o aparello utilizado. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 038 | 3 | 3A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar en circunstancias de aglomeración peonil (deberá indicarse o aparello utilizado). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 038 | 4 | 4A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular sobre o mobiliario urbano cun monopatín, patín ou aparello similar (deberá indicarse o aparello utilizado). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 038 | 4 | 4B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular sobre un monopatín, patín ou aparello similar sendo arrastrado por outro vehículo (deberá indicarse o aparello utilizado). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 40.- Autorización para a circulación de vehículos en réxime de transportes especiais.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 040 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Realizar un transporte de carácter especial carecendo de autorización municipal. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 41.- Condicións de realización dos transportes especiais.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 041 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Realizar un transporte de carácter especial sen comunicalo aos axentes encargados da vixilancia do tráfico. | 200,00 €<br>100,00 € |

Artigo 43.- Circulación de animais.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 043 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar pola vía pública cun animal con uso distinto de tiro ou cadeira (deberá indicarse o tipo de animal de que se trate). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 1 | 1B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar pola vía pública con cabezas de gando illado en número superior a dúas ao mesmo tempo. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 1 | 1C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar con animais distintos de compañía polas beirarrúas ou zonas peonís (deberá indicarse o tipo de animal de que se trate). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 1 | 1D | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Conducir animais sen levalos ao paso (deberá indicarse o animal ou animais de que se trate). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 1 | 1E | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar con animais existindo outra vía alternativa con menor intensidade de circulación de vehículos (deberá indicarse o tipo de animal de que se trate). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 1 | 1F | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar con animais existindo un itinerario practicable por vía pecuaria (deberá indicarse o tipo de animal de que se trate). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 1 | 1G | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar cun rabaño ou manada de animais fóra de vía pecuaria (deberá indicarse o tipo de animais que compoñen a manada). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar con animais distintos de compañía, sen ser conducidos polo menos por unha persoa maior de idade. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 3 | 3A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular con animais de compañía sen levalos suxeitos por correa ou elemento de análoga eficacia. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 043 | 4 | 4A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Deixar animais sen custodia na vía ou as súas inmediacións, existindo a posibilidade de que aqueles poidan invadir a mesma (deberá indicarse o animal ou animais de que se trate). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 44.- Circulación de vehículos tracción animal.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 044 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular cun vehículo de tracción animal sen axustarse ás condicións esixidas regulamentariamente. (Circular cun vehículo de tracción animal carecendo de rodas pneumáticas ou de elasticidade similar). | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 46.- Normas xerais. (Sobre impacto ambiental).

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 046 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 o) | Circular cun vehículo con niveis de emisión de ruído superiores aos límites establecidos polas normas que regulan especificamente a materia (a comisión dos feitos descritos nestes supostos denunciaranse por este precepto, aínda que en directa relación co disposto no art. 11.19 do regulamento xeral de vehículos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 046 | 1 | 1B | 0 | Grave<br>Art.129 o) | Circular cun vehículo de motor co escape libre, sen levar instalado o preceptivo dispositivo silenciador de explosións ou cun silenciador ineficaz (a comisión dos feitos descritos nestes supostos denunciaranse por este precepto, aínda que en directa relación co disposto no art. 11.19 do regulamento xeral de vehículos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 046 | 1 | 1C | 0 | Grave<br>Art.129 o) | Circular cun ciclomotor co escape libre, sen levar instalado o preceptivo dispositivo silenciador de explosións ou cun silenciador ineficaz (a comisión dos feitos descritos nestes supostos denunciaranse por este precepto, aínda que en directa relación co disposto no art. 11.19 do regulamento xeral de vehículos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 046 | 1 | 1D | 0 | Grave<br>Art.129 o) | Circular cun vehículo que emite perturbacións electromagnéticas (a comisión dos feitos descritos nestes supostos denunciaranse por este precepto, aínda que en directa relación co disposto no art. 11.19 do regulamento xeral de vehículos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 046 | 1 | 1E | 0 | Grave<br>Art.129 o) | Circular cun vehículo emitindo gases, fumes ou partículas en valores superiores aos límites establecidos nas normas reguladoras dos vehículos (a comisión dos feitos descritos nestes supostos denunciaranse por este precepto, aínda que en directa relación co disposto no art. 11.19 do regulamento xeral de vehículos). | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 046 | 1 | 1F | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular por vías ou en horarios prohibidos por motivos medio ambientais (especificar a infracción concreta). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 046 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular con altofalantes exteriores en funcionamento carecendo de autorización municipal. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 47.- Circulación de peóns.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 047 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Transitar un peón pola calzada, existindo beirarrúa ou zona peonil practicable. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 047 | 1 | 1B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Deterse os peóns formando grupos que dificulten o tránsito doutros usuarios ou lles obrigue a circular pola calzada. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 047 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada fóra de paso de peóns existente ou lugar autorizado. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 047 | 2 | 2B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Permanecer na calzada sen motivo máis tempo do necesario para realizar o cruzamento. | 80,00 €<br>40,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 047 | 2 | 2C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Circular un peón de forma que moleste aos demais usuarios. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 047 | 2 | 2D | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Permanecer un peón esperando vehículos de servizo público fóra dos refuxios ou beirarrúas ou invadir a calzada para solicitar a súa parada. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C | 047 | 2 | 2E | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Subir ou descender un peón dun vehículo en marcha. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 047 | 2 | 2F | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar actividades nas beirarrúas ou zonas contiguas á vía que poidan dificultar a marcha dos vehículos ou o tránsito doutros usuarios. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 48.- Sinalización e utilización dos pasos de peóns.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 048 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada demorándose e deténdose sen necesidade ou entorpecendo o paso aos demais. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2B | 0 | Grave<br>Art.129 k) | Non respectar o peón a luz vermella dun semáforo. | 200,00 €<br>100,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2C | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada a través dun paso a nivel, sen obedecer os sinais do axente. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2D | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada a través dun paso sinalizado mediante a marca viaria preferente correspondente, sen ter en conta a distancia e velocidade dos vehículos que se aproximan, que lle permita facelo con seguridade. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2E | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada fóra do paso de peóns sinalizado, existindo este. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2F | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada fóra de paso de peóns existente sen comprobar que se pode facer sen risco nin entorpecemento indebido cando non exista paso de peóns. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2G | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Efectuar o cruzamento por lugar distinto da esquina da vía cando non exista paso de peóns. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2H | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar a calzada sen facelo de forma perpendicular ao eixe da mesma. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 048 | 2 | 2I | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Atravesar unha praza ou glorieta pola súa calzada, sen rodear a mesma. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 49.- Zona peonil.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 049 | 1 | 1A | 0 | Grave<br>Art.129 c) | Circular co vehículo sinalado por zona peonil sen tratarse dun tipo de vehículo autorizado. | 200,00 €<br>100,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 049 | 1 | 1B | 0 | Grave Art.129 c) | Circular co vehículo sinalado por zona peonil tratándose dun tipo de vehículo autorizado fóra do horario permitido. | 200,00 € 100,00 € |
| O.M.C. | 049 | 1 | 1C | 0 | Grave Art.129 c) | Circular con vehículos de abastecemento de combustibles en zona peonil fóra do horario permitido. | 200,00 € 100,00 € |

Artigo 50.- Autorizacións. (Zonas peonís)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 050 | 2 | 2A | 0 | Grave Art.129 c) | Circular co vehículo sinalado por zona peonil carecendo de autorización cando esta sexa precisa. | 200,00 € 100,00 € |
| O.M.C. | 050 | 4 | 4A | 0 | Leve Art.128 c) | Vulnerar o réxime de parada e estacionamento en vía urbana regulado pola ordenanza municipal (estacionar o vehículo sinalado en zona peonil sen realizar as actividades para as que se permite o seu acceso). | 80,00 € 40,00 € |
| O.M.C. | 050 | 4 | 4B | 0 | Leve Art.128 c) | Vulnerar o réxime de parada e estacionamento en vía urbana regulado pola ordenanza municipal (estacionar o vehículo sinalado en zona peonil de forma que causa prexuízo ou molestias ao resto dos usuarios). | 80,00 € 40,00 € |
| O.M.C. | 050 | 4 | 4C | 0 | Leve Art.128 c) | Vulnerar o réxime de parada e estacionamento autorizado en vía urbana peonil regulado pola ordenanza municipal (detallar o incumprimento). | 80,00 € 40,00 € |

Artigo 53.- Normas específicas de circulación e uso das vías do casco histórico.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 052 | 2 | 2A | 0 | Leve Art.128 c) | Circular en tránsito co vehículo sinalado por zona do centro histórico. | 80,00 € 40,00 € |
| O.M.C. | 052 | 2 | 2B | 0 | Leve Art.128 c) | Estacionar o vehículo sinalado en zona do centro histórico. | 80,00 € 40,00 € |

Artigo 54.- Conceptos xerais.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 054 | 4 | 4A | 0 | Leve Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga entre vehículos. | 80,00 € 40,00 € |

Artigo 55.- Forma de realización.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 055 | 1 | 1A | 0 | Leve Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga ocasionando perigo ou perturbacións graves ao tránsito doutros usuarios (deberá indicarse o perigo ou a perturbación causada). | 80,00 € 40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1B | 0 | Leve Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga sen situar o vehículo paralelo ao bordo da calzada ou en forma establecida pola sinalización. | 80,00 € 40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1C | 0 | Leve Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga sen situar o vehículo coa súa dianteira no sentido da circulación. | 80,00 € 40,00 € |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 055 | 1 | 1D | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga pola parte do vehículo correspondente á calzada. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1E | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga sen dispoñer de persoal suficiente para realizalas no prazo de tempo máis curto posible. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1F | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga depositando a mercancía na calzada, beiravía ou zona peonil (deberá indicarse onde se depositou a mesma). | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1G | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga sen protexer nin sinalizar a zona cando sexa preciso por existir risco ou perigo para os demais usuarios. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1H | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga causando ruídos ou molestias aos usuarios ou residentes. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 055 | 1 | 1I | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar na vía operacións de carga e descarga co motor do vehículo en funcionamento. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 56.- Vehículos.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 056 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar labores de carga e descarga con vehículos non habilitados legalmente. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 056 | 2 | 2A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar labores de carga e descarga con vehículos de tracción animal. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 056 | 2 | 2B | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar labores de carga e descarga con remolques non unidos a un vehículo habilitado. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 57.- Normas xerais. (Carga e Descarga)

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O.M.C. | 057 | 1 | 1A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar operacións de carga e descarga na vía, podendo facelo fora da mesma. | 80,00 €<br>40,00 € |
| O.M.C. | 057 | 3 | 3A | 0 | Leve<br>Art.128 c) | Realizar operacións de carga e descarga na vía existindo zona reservada a unha distancia inferior a 150 metros. | 80,00 €<br>40,00 € |

Artigo 58.- Zonas reservadas para carga e descarga.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
